



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Administración de Empresas

Curso Académico: 2023/2024

Unidade/Órgano	Data
Comisión de Calidade e Docencia do Centro	19/05/2025
Informe técnico da SCVTI	24/09/2025
Xunta de Facultade	23/10/2025
Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno	26/11/2025

Índice

1. Introducción	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados.....	11
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade	11
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos.....	25
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado ...	32
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos.....	43
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos	52
Directriz 6. Información pública	57
3. Plan de Melloras do centro.....	58
4. Modificacións nos diferentes títulos.....	75
5. Listaxe de evidencias e indicadores.....	76

1. Introducción

1.1. Presentación da Memoria de Calidade.

A Memoria de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas é o documento que recolle a análise do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro, así como do desenvolvemento e resultados dos programas formativos oficiais adscritos ao mesmo. Esta memoria elabórase de acordo co proceso PE-02, Revisión e Mellora, do SGC da Facultade de Administración e Dirección de Empresas da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O documento organízase en dous capítulos principais: Seguimento do SGC e dos seus resultados, estruturado internamente conforme ás seis directrices do Sistema FIDES-AUDIT, e Plan de Melloras Anual, no que se actualizan os obxectivos de calidade e se determinan as accións de mellora propostas para acadalos. A estes dous capítulos principais engádense outros dous, de carácter instrumental: un no que se rexistran as modificacións introducidas nos títulos obxecto desta memoria, e outro que recolle a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e dispoñibles para as eventuais avaliacións externas.

1.2. O Centro.

- *Orixes e estrutura orgánica do Centro.*

O xerme da Facultade de Administración e Dirección de Empresas foi a Escola Pericial de Comercio de Lugo. Este Centro foi creado no ano 1945 co mecenado da Deputación Provincial de Lugo. Impartíronse nel inicialmente os estudos de Peritaxe Mercantil e foron catro as sedes polas que pasou: o antigo Casino de Lugo, a rúa Quiroga Ballesteros, a Deputación Provincial de Lugo e, por último, a rúa Armando Durán. No curso 1977-78 comezaron a impartirse os estudos da Diplomatura en Ciencias Empresariais, e no curso seguinte, 1978-79, tivo lugar a integración definitiva da Escola Pericial de Comercio de Lugo na Universidade de Santiago de Compostela, dando lugar á Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo.

Foi no curso 1995-96 cando tivo lugar o traslado da EU de Estudos Empresariais na rúa Armando Durán ao edificio que é a sede actual da Facultade de ADE na avenida de Alfonso X o Sabio, dentro xa do Campus Universitario de Lugo. Este edificio compartírono inicialmente a EU de Estudos Empresariais e a Sección Delegada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Lugo. A Sección Delegada creouse nese mesmo ano académico co principal obxectivo de impartir os estudos de segundo ciclo da Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas.

Por último, e como consecuencia do Decreto 298/2001 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de novembro, creouse a Facultade de Administración e Dirección de Empresas pola unión da Escola Universitaria de Estudos Empresariais e da Sección Delegada da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais do Campus de Lugo.

- *Catálogo de Titulacións oficiais: graos, máster e doutoramentos.*

Na Facultade de Administración e Dirección de Empresas da USC, no curso obxecto desta memoria (2023-24) impartíronse os seguintes estudos:

- Grao en Administración e Dirección de Empresas (GADE). Código RUCT 2501106; Código USC G3101.
- Grao en Empresa e Tecnoloxía (GEET). Código RUCT 2504171; Código USC G3201.
- Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas (GPEMES). Código RUCT

2502664; Código USC G3181. Título en proceso de extinción.

- Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE). Código RUCT 4311754; Código USC P3251.

O Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Máster en Dirección de Empresa, son títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no Campus de Santiago, polo que existen comisións de título conxuntas intercampus e comisión de título en cada Facultade. A comisión conxunta vela pola coordinación dos títulos nos dous campus (Santiago e Lugo).

O Grao en Empresa e Tecnoloxía é un grado que se implantou no curso 2020-21. Neste curso académico 2023-24 implántase o cuarto curso da modalidade presencial e o terceiro da semipresencial polo que os resultados do seguimento do título non poderán amosar tendencias ao longo do tempo.

O número de estudantes matriculados en cada un destes títulos e o número de profesorado que impartiu docencia no mesmo no curso de referencia foi o seguinte:

Táboa 1: Estudantado e profesorado por titulación

Curso 2023-24	ADE	EET	PEMES	MUDE
Nº estudantes	207	168	4	28
Nº profesorado	36	56		12

O persoal de administración e servizos da Facultade de Administración e Dirección de Empresas ascende a un total de 7 traballadores

1.3. Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SIGC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC).

- *SGIC, histórico e indicación da certificación vixente SGC, no caso de tela.*

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta con Acreditación Institucional conforme ao establecido no RD 420/2015, de 29 de maio e a Resolución da Secretaría General de Universidades de 7 de marzo de 2018 que a desenvolve. Esta acreditación foi outorgada por Resolución do Consejo de Universidades de 17 de decembro de 2019, unha vez que a implantación do SGC da Facultade de Administración e Dirección de Empresas fora certificada pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 30 de xullo de 2019, e dous títulos dos que é responsable (aqueles que correspondía someter ao proceso) teñen renovada a súa acreditación en 2017 o Grado en ADE, e en 2015 e 2019 o MUDE.

- *Documentación de referencia do SIGC/SGC e Regulamentación interna.*

A documentación de referencia do SIGC/SGC está formada por dous documentos: o Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade. Os dous manuais reformáronse neste curso para adaptarse aos novos procesos institucionais da universidade e para facer algúns axustes nos mesmos.

- *Estrutura organizativa do SIGC/SGC. Desenvolvemento e cambios.*

Os órganos para o desenvolvemento do SGC, son os seguintes:

- Unipersoais:

- Decano: responsable do desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora do sistema de xestión da calidade (SGC). As súas funcións principais inclúen definir a planificación estratéxica do centro, comprometerse coa política e obxectivos de calidade, liderar a implantación e mellora do SGC, nomear ao responsable de calidade, propoñer a composición da Comisión de Calidade, garantir o bo

funcionamento do SGC, informar sobre cambios e asegurar o acceso aos documentos do SGC. Ademais, presenta a memoria de calidade do centro para a súa aprobación pola Xunta de Facultade.

- Responsable de Calidade: responsable de coordinar o funcionamento da CCD, trasladar información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral e satisfacción dos grupos de interese, realizar propostas para mellorar o SGC do centro, ser o interlocutor coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, atender os requirimentos da vicerreitoría para implantar melloras do SGC, e dirixir a elaboración da memoria de calidade do centro.
- Coordinadores/as de Título: responsable dos títulos de grao ou máster. As súas funcións inclúen asegurar que os procesos de titulación se realicen segundo as directrices do SGC, presentar informes de seguimento e resultados á Comisión de Calidade do Centro, recompilar datos necesarios para análise e propostas de mellora, e velar pola implementación de melloras aprobadas na titulación.

- Colexiados:

- Equipo Decanal: responsable do desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora do sistema de xestión da calidade (SGC).
- Comisión de Calidade e Docencia (CCD): participa na planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC. Son membros da mesma o/a Decano/a, o/a responsable de Calidade, secretario/a da Facultade, os/as coordinadores/as de titulacións, dous representantes do profesorado, responsable da Unidade de Xestión e dous representantes do alumnado. Entre as súas funcións están as de deseñar, implantar, seguir e mellorar o SGC; elaborar a memoria de calidade; fomentar e seguir o plan de melloras anual; estimular a participación na avaliación e mellora da calidade; seguir os resultados do centro; propoñer información pública; e revisar informes de resultados e acreditación.
- Comisións de Título (CT): instrumento para xestionar os graos e másteres, incluíndo titulacións intercentros ou interuniversitarias. Estas comisións estarán compostas por decanos, responsables de calidade, coordinadores de grao ou máster, secretarios, coordinadores de curso, responsables de xestión e representantes do alumnado. Poderán participar, sen voto, profesorado externo e profesionais. As comisións encargaránse do funcionamento ordinario do título e do seguimento do Sistema de Garantía de Calidade, propoñendo melloras e posibles modificacións ou supresións dos títulos. Son as encargadas de asegurar o funcionamento ordinario do título. Entre as súas funcións cabe destacar a análise da información proporcionada polo/a coordinador/a do título e o/a RCC para levar a cabo o seguimento do título, realizar o seguimento periódico do título e elaborar os informes correspondentes, realizar as propostas de mellora derivadas dese seguimento para o seu traslado á CCC e a súa incorporación, de ser o caso,

ao plan de melloras do centro, e elevar proposta, de ser o caso, de modificación ou supresión do título se así se deriva do seu seguimento periódico.

- Outra comisións:

- Comisións de título intercentros

Por riba deles, a **Xunta de Facultade**, o órgano estatutario colexiado de goberno da Facultade, é a responsable da aprobación da memoria de calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

- *Memoria de Calidade do Centro (MCC):*

De acordo co procedemento establecido para a elaboración desta memoria (PE-02 do SGC), as Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade e Docencia as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos durante o curso 2023-24, así como as súas propostas de accións de mellora, todo iso a partir dos informes e indicadores proporcionados polo responsable de calidade. A CCD analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria, e elaborou o Plan de melloras anual.

- *Información pública da Memoria e do SIGC/SGC.*

1.4. Plan Estratéxico de Centro (PEC)

- *Presentación do PEC vixencia: obxectivo xeral, antecedentes, período de vixencia, proceso de elaboración e participación e participantes (grupos de interese).*

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cun Plan Estratéxico, aprobado en abril de 2017 e conta cunha prórroga aprobada en xaneiro de 2021 pola Xunta de Facultade e en marzo de 2021 pola Comisión de Calidade e Procedementos do Consello de Goberno da USC.

No momento de redacción desta memoria ese é o Plan Estratéxico vixente e será o que se empregue para a análise realizada, pero hai que comentar que a Facultade xa elaborou o Plan Estratéxico de Centro (PEC) 2024-2026 que foi aprobado pola Xunta de Facultade e pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno no mes de novembro do ano 2024. O obxectivo xeral do PEC é desenvolver un centro eficiente e innovador con titulacións adaptadas ás necesidades da sociedade, promovendo a transferencia de coñecemento e o compromiso social, incrementando a visibilidade pública da Facultade e tratando de ser sustentable enerxéticamente.

O PEC conta con seis liñas estratéxicas que están aliñados coas liñas estratéxicas da universidade. Esas liñas estratéxicas son as seguintes:

Táboa 2: Correspondencia entre as liñas estratéxicas do PE de centro e da USC

Liñas Estratéxicas do Centro	Liñas Estratéxicas da USC
LE. 1. Xestión e dirección do centro	LE 8. Xestión eficiente dos recursos
LE. 2. Oferta de titulacións adaptada á sociedade	LE 2. Formación e docencia no novo contexto
LE. 3. Transferencia de coñecemento e compromiso social	LE 4. Investigación e innovación como motor de desenvolvemento
LE. 4. Modelo de recursos humanos baseado na eficiencia	LE 3. Retos na política de persoal
LE. 5. Información pública e visibilidade	LE 1. Estudantado e comunidade universitaria
LE. 6. Infraestruturas ecoeficientes	LE 6. Procura de infraestruturas ecoeficientes

Tras facer as análises pertinentes sobre cada unha das liñas establécense os obxectivos estratéxicos para cada unha das liñas propostas. A cada obxectivo definido asígnaselle unha acción, un responsable e defínense os indicadores para o seu seguimento. Para máis información pódese consultar o [PEC na páxina web da facultade](#)

- *Plan estratéxico de Centro - Cadro de Mando Xeral: liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e accións.*

Definimos neste punto o PEC aprobado recentemente e sobre o que se aplicarán as accións de mellora propostas. O PEC resúmese no seguinte Cadro de Mando:

Táboa 3: Cadro de mando do PEC

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Situación inicial /Meta
LE 1. Xestión e dirección do centro	OE 1.1. Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 1.1.1. Reunións co comité consultivo	Número de reunións	Dúas reunións por curso académico
			AC 1.1.2. Reunión con egresados	Número de reunións	Dúas reunións por curso académico
			AC 1.1.3. Reunión co alumnado	Número de reunións	Dúas reunións por curso académico
	OE 1.2. Relación cos departamentos con docencia na facultade	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 1.2.1. Reunións periódicas cos directores dos departamentos con docencia na facultade	Número de reunións	Unha reunión por curso académico
			AC 1.2.2. Elaboración dunha guía de benvida ao novo profesorado da facultade	Informe satisfacción profesorado coa titulación	Acadar un 4 no indicador de satisfacción
LE 2. Oferta de titulacións adaptada á sociedade	OE 2.1. Elaborar unha oferta de grao e posgrao axustada á realidade e ás necesidades da contorna	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 2.1.1. Comprobar se existe axuste entre as competencias dos títulos e as demandas do mercado laboral	Informe sobre prácticas externas	Incrementar nun 5% a puntuación no indicador “As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira”

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Situación inicial /Meta
	OE 2.2. Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 2.1.2. Mellora a oferta de formación de posgrao no centro	Número de posgraos no centro	Crear 1 posgrao
			AC 2.2.1. Coordinar os contidos entre as materias da mesma titulación	Puntuación no indicador “As e os docentes estamos coordinados na organización do título?”	Incrementar nun 5% a puntuación no indicador “As e os docentes estamos coordinados na organización do título?”
			AC 2.2.2. Coordinar os contidos entre as materias de títulos de diferentes niveis	Número de reunións	Dúas reunións por curso académico
LE 3. Transferencia efectiva de coñecemento e compromiso coa sociedade	OE 3.1. Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara ao súa contorna	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 3.1.1. Fomentar acordos de colaboración coas empresas da área de influencia da facultade	Número de convenios de prácticas	Incrementar nun 5% os convenios de prácticas
			AC 3.1.2. Mellorar a visibilidade dos TFG/TFM da facultade a través da súa publicación (MINERVA) e presentación a premios	Nº de traballos publicados e presentados a premios	1 traballo por curso
	OE 3.2. Definir un plan de formación en empresa e competencia dixital centrado en levar a tecnoloxía dixital ás empresas	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 3.2.1. Organizar cursos de formación en áreas de empresa para alumnado e profesionais	Número de alumnos matriculados no curso	Acadar 10 alumnos matriculados
			AC 3.2.2. Organizar cursos de formación en sistemas integrados de xestión empresarial dirixidos a empresas	Número de alumnos matriculados no curso	Acadar 10 alumnos matriculados

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Situación inicial /Meta
LE 4. Modelo de recursos humanos baseado na eficiencia	OE 4.1. Incrementar a participación do PDI nas actividades do centro	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 4.1.1. Lograr que a composición do conxunto das comisións do centro de forma que o PDI que as integre represente todos os puntos de vista e sensibilidades deste colectivo.	(Nº de departamentos con representación a lo menos nunha comisión)/(Nº total departamentos con docencia na facultade)	Acadar unha representación do 70%
			AC 4.1.2. Deseñar un sistema de incentivos e recoñecementos para implicar ao PDI nas actividades do centro	(Asistencia ás Comisións e Xuntas de Facultade)/(Nº total Comisións e Xuntas de Facultade convocadas)	Acadar unha representación do 70%
	OE 4.2. Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 4.2.1. Organizar seminarios internos onde o PDI poida compartir as súas investigacións e recibir retroalimentación dos seus compañeiros	Número de reunións	Duas reunións por curso académico
			AC 4.2.2. Deseñar programas formativos para mellorar a actividade docente e investigadora	Número de peticións recibidas	Organizar un curso por ano académico
	OE 4.3. Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 4.3.1. Propoñer calendarios e horarios que favorezan a conciliación persoal, familiar e laboral	(Nº de conciliacións concedidas)/(Nº de conciliacións solicitadas)	A lo menos o 90% das solicitudes de conciliación atendidas
	LE 5. Información pública e visibilidade	Xaneiro 2024 – Decembro 2024	AC 5.1.1. Crear un equipo de comunicación	Equipo	Integrantes do equipo
			AC 5.1.2. Identificar o público obxectivo e definir os canais de comunicación	Número de reunións	Duas reunións por curso académico

LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Situación inicial /Meta
	OE 5.2. Potenciar a visibilidade das actividades realizadas na facultade en diferentes canles de comunicación	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 5.1.3. Crear un calendario de comunicación con información regular	Número de reunións	Duas reunións por curso académico
			AC 5.2.1. Crear e manter perfís activos en varias redes sociais	Número de interaccións	Incrementar un 50% as interaccións nas diferentes canles
			AC 5.2.2. Realizar visitas a centros de ensino da contorna e participar nas actividades de promoción da universidade	Nº de visitas e de participacións en actividades	Organizar dúas por semestre
LE 6. A procura de infraestruturas ecoeficientes	OE 6.1. Reducir o consumo enerxético, mellorando a eficiencia enerxética das instalacións	Xaneiro 2024 – Decembro 2026	AC 6.1.1. Optimización do uso de recursos existentes	Consumos enerxéticos	Reducir un 10% o consumo enerxético
			AC 6.1.2. Uso de equipamento de baixo consumo enerxético	Número de puntos de luz de baixo consumo na facultade	Alcanzar o 100% de puntos de luz de baixo consumo

• *Plan Estratéxico da USC (referencia breve).*

O Plan Estratéxico 2024-2026 da USC desenvólvese nun período de tres anos, con revisións anuais.

Misión: Xerar, difundir e transferir coñecemento de maneira socialmente responsable.

Visión: Ser unha universidade pública de prestixio, comprometida coa sustentabilidade e o benestar social e cultural.

Valores: Liberdade, igualdade, inclusión, xustiza, pluralismo, sustentabilidade e compromiso ético.

As liñas estratéxicas que recolle este plan son:

- O estudantado e a comunidade universitaria: Fomentar a participación estudantil e promover a igualdade e a inclusión.
- A formación e a docencia no novo contexto: Mellorar a calidade das titulacións e adaptar a oferta formativa ás necesidades sociais.
- Os retos na política de persoal: Renovar e estabilizar o persoal docente e investigador.
- A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar: Impulsar a investigación e a transferencia de coñecemento.
- A senda da internacionalización: Potenciar a visibilidade e colaboración internacional.
- A procura de infraestruturas ecoeficientes: Optimizar a eficiencia enerxética e racionalizar o uso de infraestruturas.
- A USC na era da transformación dixital: Mellorar as capacidades dixitais e a ciberseguridade.
- A xestión eficiente dos recursos: Asegurar a transparencia e eficiencia na xestión de recursos.

O cadro de mando cos indicadores para controlar o cumprimento do Plan Estratéxico procede dos usados na certificación GRI da Memoria de Responsabilidade Social, no Manual de Indicadores e Informes USC, no Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), nas principais clasificacións estatais e internacionais de universidades, así como dos empregados para o seguimento das metas dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) recollidos na Axenda 2030.

2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.1. Política de Calidade. Vixencia.

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cunha Política de Calidade que, proposta polo seu equipo de dirección e aprobada pola Xunta de Facultade, se fai pública na súa [páxina web](#) para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Esta Política revísase periodicamente, e actualízase, cando menos, cando se renova o equipo de dirección. A máis recente actualización data de novembro de 2024, e está plenamente vixente.

1.2. Plan Estratéxico do Centro (PEC).

Evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cun Plan Estratéxico, aprobado en abril de 2017. De acordo co proceso PE-01, Planificación estratéxica, do SGC, a vixencia do Plan Estratéxico ten o mesmo horizonte temporal, como máximo, do Plan Estratéxico da USC, co que debe estar aliñado; isto localiza a súa finalización en 2020. Na actualidade o Plan Estratéxico da Universidade vense de prorrogar ata 2022 e do mesmo xeito vense de aprobar a Prórroga do Plan 2016-2020 pola Xunta de Centro o 22 de xaneiro de 2021 e pola Comisión de Calidade e Procedementos do Consello de Goberno da USC o 3 de marzo de 2021.

No Plan Estratéxico defínense a misión, visión e valores da Facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

Así, as liñas e obxectivos estratéxicos que configuran o actual Plan Estratéxico son os seguintes:

Liña estratéxica 1. Un modelo de recursos humanos baseado na eficacia, a flexibilidade e a sostibilidade
1.1. Obxectivo 1: Xestionar o PAS da Facultade con criterios máis eficientes que permitan un mellor aproveitamento do potencial do seu persoal.

1.2. Obxectivo 2: Favorecer a formación do PAS naqueles campos que dean resposta directa ás necesidades do seu posto de traballo.

1.3. Obxectivo 3: Incrementar a participación do PDI nas actividades do centro.

1.4. Obxectivo 4: Mellorar a excelencia do PDI en docencia e investigación.

Liña estratéxica 2. O alumnado, valor presente e futuro:

2.1. Obxectivo 5: Incrementar o talento a través da atracción de alumnado con mellores expedientes académicos.

2.2. Obxectivo 6: Contribuír á formación integral do alumnado.

2.3. Obxectivo 7: Mellorar a empregabilidade dos egresados

Liña estratéxica 3. Oferta de titulacións adaptada as necesidades da sociedade:

3.1. Obxectivo 8.- Elaborar unha oferta de grao e posgrao axustada á realidade e ás necesidades da contorna.

3.2. Obxectivo 9: Incrementar a demanda de alumnos/as en todos os títulos ofertados polo centro.

3.3. Obxectivo 10: Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade.

Liña estratéxica 4. Xestión simple, eficaz e transparente:

4.1. Obxectivo 11: Incrementar a xestión transparente.

4.2. Obxectivo 12: Optimización do uso dos recursos.

Liña estratéxica 5. Relación intercampus e no marco do Campus Terra

5.1. Obxectivo 13: Incrementar a comunicación entre as facultades da USC.

Liña estratéxica 6. Transferencia efectiva de coñecemento e compromiso coa sociedade:

6.1. Obxectivo 14: Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna.

6.2. Obxectivo 15: Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia.

Liña estratéxica 7. Relacións con outras universidades:

7.1. Obxectivo 16: Avanzar no proceso de internacionalización da Facultade.

Boa parte destes obxectivos están logrados, ou, no caso de aqueles que teñen un carácter permanente, mantéñense nun nivel de consecución razoable. Pero tamén algúns foron quedando superados polo paso do tempo e as mudanzas no contexto, e xa foron revisados ou modificados no novo Plan Estratéxico da Facultade que elaborado a partir do novo Plan Estratéxico da Universidade.

1.3. Obxectivos de calidade.

Evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.

Tódalas accións están vinculadas ás principais liñas estratéxicas da programación plurianual da Facultade pero de forma especial aos seguintes obxectivos:

- Obxectivo 11: Incrementar a xestión transparente
- Obxectivo 10: Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade
- Obxectivo 6: Contribuír á formación integral do alumnado
- Obxectivo 7: Mellorar a empregabilidade dos egresados

- Obxectivo 5: Incrementar o talento a través da atracción de alumnado con mellores expedientes académicos
- Obxectivo 9: Incrementar a demanda de alumnos/as en todos os títulos ofertados polo centro
- Obxectivo 12: Optimización do uso dos recursos
- Obxectivo 14: Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna.
- Obxectivo 15: Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia

O seguimento da eficacia das accións para a consecución dos obxectivos realízao a CCD. As accións foron executadas na súa totalidade e a súa eficacia analízase na epígrafe seguinte.

1.4. Plan de Melloras Anual do Centro (PMAC). (Situación: resultado curso anterior ao da Memoria).

Evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse:

- *se o SGC permite introducir melloras nos títulos,*
- *se se realiza correctamente o seu seguimento,*
- *se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e*
- *se inclúen as recomendacións dos procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).*

O Plan de Melloras Anual do Centro elabórase tendo en conta as accións de mellora propostas no curso anterior e a análise das mesmas. Aquí preséntase o seguimento das accións de mellora propostas no curso anterior (2022-23).

Táboa 4: Informe sobre a execución das accións de mellora (AM-1)

Accións de mellora	
Obxectivo estratéxico	11- Incrementar a xestión transparente
Código	AM-1 (Curso 2022-23)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	É necesario adaptar o manual de procesos e o MSGC aos novos procesos institucionais
Definición/descrición proposta	Adaptar o manual de procesos e o MSGC aos novos procesos institucionais
Datas	Inicio: 01/09/2023 Fin: 31/07/2024
Estado/Eficacia	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Responsables	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1	
Código	AM-1.1
Descrición tarefa	Realizar os cambios necesarios nos procesos do manual de procesos
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A aprobación da modificación do manual de procesos por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno realizouse o día 28/02/2025
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 2	
Código	AM-1.2
Descrición tarefa	Adaptación do MSGC aos cambios producidos nos procesos institucionais
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizado. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A aprobación da modificación do manual do SGC por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno realizouse o día 28/02/2025
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 3	
Código	AM-1.3
Descrición tarefa	Realizar un análise dos procesos de xestión administrativa relacionados co Máster (convocatorias de TFM, convocatorias de prácticas). Simplificar os procesos na medida do posible. Proceder a unha homoxeneización de trámites/prazos con outros másters e titulacións das Facultades, para unha mellor xestión.
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Coordinador do MUDE: Fernando Losada Pérez
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente

Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Procedeuse á clarificación dos procedementos nas respectivas facultades. Neste momento, está pendente a homoxeneización de procedementos.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas tarefas	

Táboa 5: Informe sobre a execución das accións de mellora (AM-2)

Accións de mellora	
Obxectivo estratéxico	10 - Coordinación entre as materias impartidas nas titulacións da Facultade
Código	AM-2 (Curso 2022-23)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.
Análise causa	É necesario analizar os resultados dos títulos e realizar accións de mellora centradas no alumnado
Definición/descrición proposta	Análise e revisión dos resultados e accións de mellora centradas no alumnado
Datas	Inicio: 01/09/2023 Fin: 31/07/2024
Estado/Eficacia	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Responsables	Responsable de Calidade do Centro: Marta Portela Maseda
Tarefa 1	
Código	AM-2.1
Descrición tarefa	Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o Grao en ADE
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Responsable de Calidade do Centro: Marta Portela Maseda
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Pedíronse informes aos departamentos sobre á análise das taxas de éxito, rendemento e avaliación. Estase a espera deses informes así que se propón continuar con esta acción de mellora
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	Solicitar de novo aos departamentos os informes sobre as taxas
Subtarefa 1	
Código	AM-2.1.A
Descrición tarefa	Análise dos informes sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación proporcionados pola ACMP do Grao en ADE
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Responsable de Calidade do Centro: Marta Portela Maseda
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Comprobación subtarefa	
Descrición Comprobación	Os datos sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación integráronse nun arquivo para poder analízalos
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas tarefas	Actualizar ese arquivo cos datos do novo curso
Subtarefa 2	
Código	AM-2.1.B
Descrición tarefa	Traslado aos departamentos dos resultados das análises dos informes sobre as taxas de éxito, rendemento e avaliación de cada unha das materias do Grao en ADE que presentan desaxustes por curso e/ou centro
Data prevista de	31/07/2024

finalización	
Responsable	Responsable de Calidade do Centro: Marta Portela Maseda
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Comprobación subtarefa	
Descrición Comprobación	Enviáronse os datos aos departamentos, pero non se recibiu resposta
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	Volver a solicitar o informe aos departamentos
Tarefa 2	
Código	AM-2.2
Descrición tarefa	Realizar sesións de orientación máis detalladas informando sobre características das empresas ofertadas para facer as prácticas e facer un seguimento regular durante o período de prácticas.
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Coordinador do MUDE: Fernando Losada Pérez
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Celebráronse sendas reunións co alumnado en Santiago e Lugo. Para facer un seguimento regular das prácticas, enviouse un correo a metade do desenvolvemento das prácticas aos titores externos e ao alumnado para saber como se estaban desenvolvendo. O resultado foi satisfactorio.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 3	
Código	AM-2.3
Descrición tarefa	Elaboración dunha folla de ruta orientadora para a realización do TFM
Data prevista de finalización	31/07/2024
Responsable	Coordinador do MUDE: Fernando Losada Pérez
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	O documento está elaborado e aprobado. O documento está dispoñible para o alumnado na páxina web de cada centro e no campus virtual de coordinación. Ademais, explicouse ao alumnado en que consistía e como lle podería resultar útil para a elaboración do TFM. Está pendente comprobar a súa eficacia. Ademais, mantivéronse reunións co alumnado para coñecer o grao de elaboración do TFM e os problemas que poderían ter na súa elaboración.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 4	
Código	AM-2.4
Descrición tarefa	Cubrir as enquisas de satisfacción nos períodos de clase nas aulas de informática
Data prevista de finalización	01/07/2024
Responsable	Coordinadores/as de grao: Diana Fernández Méndez (ADE) e Ada Pérez Pico (EeT)

Estado	Estado: rematada. Eficacia: Eficaz
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	As enquisas de satisfacción cubríronse nas aulas de informática dentro dos períodos de clase. Iso supuxo un incremento na participación do estudantado nas mesmas
Data Comprobación	
Incidencias	Non hai
Axustes/Novas tarefas	Considerase que dada a eficacia da acción debe manterse no curso seguinte

Táboa 6: Informe sobre a execución das accións de mellora (AM-3)

Accións de mellora	
Obxectivo estratéxico	6 - Contribuír á formación integral do alumnado 7- Mellorar á empregabilidade dos egresados
Código	AM-3 (Curso 2023-24)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado. Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	A sociedade en xeral e o tecido empresarial en particular, demanda unha formación integral dos alumnos e alumnas que vai máis alá dos coñecementos establecidos no deseño curricular das distintas titulacións, e que debe incluír unha formación en valores e actitudes que lles permitan adquirir competencias e habilidades para poder integrarse no mercado laboral
Definición/descrición proposta	Realizar accións para mellorar a formación integral do alumnado e orientar ao alumnado nas diferentes saídas laborais.
Datas	Inicio: 01/09/2023 Fin: 01/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Responsables	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1	
Código	AM-3.1
Descrición tarefa	Organización de actividades (conferencias, cursos, seminarios, etc.) para acadar unha formación integral do alumnado
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Realizouse un curso de experto en colaboración co Colexio de Economistas de Lugo.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 2	
Código	AM-3.2
Descrición tarefa	Realización de actividades para informar ao alumnado das diferentes saídas laborais.
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Realizáronse diferentes xornadas de orientación e saídas profesionais por parte de diversos organismos (USC, Seguridade Social e Facenda)
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	O estudantado segue a demandar este tipo de información polo que se propón continuar con esta acción de mellora

Táboa 7: Informe sobre a execución das accións de mellora (AM-4)

Accións de mellora	
Obxectivo estratéxico	5 - Incrementar o talento a través da atracción de alumnado con mellores expedientes académicos 9 - Incrementar a demanda de alumnos/as en todos os títulos ofertados polo centro
Código	AM-4 (Curso 2023-24)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos. Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado
Análise causa	Para atraer a máis estudantes, as universidades necesitan máis que só ofrecer títulos de calidade e adaptados ás demandas da contorna. É importante tamén implementar unha estratexia de comunicación efectiva que permita dar a coñecer as características e vantaxes de estudar nunha Facultade en particular, co fin de chegar ao público obxectivo adecuado.
Definición/descrición proposta	Realizar accións para a captación de alumnado.
Datas	Inicio: 01/09/2023 Fin: 01/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Responsables	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1	
Código	AM-4.1
Descrición tarefa	Participación no programa “A Ponte” da USC a través das feiras e das charlas para dar a coñecer as titulacións da facultade
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Nos graos en ADE e en EeT obtivéronse un maior número de solicitudes de ingreso.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	Proponse continuar con esta acción de mellora
Tarefa 2	
Código	AM-4.2
Descrición tarefa	Participación en distintas charlas organizadas dende o “Campus Terra” a realizar en diversos centros de ensino de Lugo
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Nos graos en ADE e en EeT obtivéronse un maior número de solicitudes de ingreso.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 3	
Código	AM-4.3

Descrición tarefa	Incrementar a visibilidade internacional e nacional participando nas accións realizadas pola Universidade de Santiago de Compostela para promover as titulacións ofertadas entre estudantes doutras universidades internacionais e nacionais..
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Coordinador do MUDE: Fernando Losada Pérez
Estado	Estado: en curso. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A Coordinación do MUDE participou no encontro virtual organizado pola Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional, dirixido a potenciais estudantes nacionais e internacionais
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	

Táboa 8: Informe sobre a execución das accións de mellora (AM-5)

Accións de mellora	
Obxectivo estratéxico	12 – Optimización do uso dos recursos
Código	AM-5 (Curso 2023-24)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos
Análise causa	É necesario o mantemento continuo dos recursos materiais que garantan o correcto funcionamento do centro.
Definición/descrición proposta	Renovar equipos informáticos e mobiliario da Facultade, e mellorar e humanizar determinados espazos da Facultade para adecualos aos usos do alumnado, profesorado e PAS do centro.
Datas	Inicio: 01/09/2023 Fin: 01/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: finalizada. Eficacia: Eficaz
Responsables	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1	
Código	AM-5.1
Descrición tarefa	Renovar equipos informáticos e mobiliario da Facultade.
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Eficaz
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Renováronse parte dos equipos informáticos da facultade.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 2	
Código	AM-5.2
Descrición tarefa	Substitución de puntos de luz a luz LED
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Eficaz
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	Substituíronse en varias dependencias da Facultade os puntos de luz a LED
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	

Táboa 9: Informe sobre a execución das accións de mellora (AM-6)

Accións de mellora	
Obxectivo estratéxico	14 – Incrementar o compromiso da Facultade coa transferencia de coñecemento cara a súa contorna 15 – Incrementar a visibilidade da Facultade no seu ámbito de influencia
	AM-6 (Curso 2023-24)
Orixe	Proposta de mellora
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información Pública
Análise causa	Aínda que a información dispoñible está accesible para todo o persoal, alumnado e outro público de interese, é necesario seguir mellorando e actualizando toda a información necesaria para o correcto desenvolvemento dos Graos. Neste curso ademais fíxose un cambio na web da USC o que fai necesario adaptar a información existente as novas estruturas
Definición/descrición proposta	É necesario manter actualizada a información da páxina web, as redes sociais da Facultade e facer visible toda a información relacionada co SGC do centro.
Datas	Inicio: 01/09/2023 Fin: 01/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Responsables	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Tarefa 1	
Código	AM-6.1
Descrición tarefa	Mellorar e manter actualizados os medios de difusión da información da Facultade
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Eficaz
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	A páxina web, as redes sociais e toda a información relacionada co SGC está actualizada.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	
Tarefa 2	
Código	AM-6.2
Descrición tarefa	Informar ao alumnado que presente o TFG ou TFM das diferentes convocatorias de premios as que poden concorrer
Data prevista de finalización	01/09/2024
Responsable	Decano/a: Roberto Bande Ramudo
Estado	Estado: finalizada. Eficacia: Pendente
Comprobación tarefa	
Descrición Comprobación	No momento da defensa do TFG ou TFM infórmase ao alumnado de que poden presentar os traballos a diferentes premios.
Data Comprobación	19/05/2025
Incidencias	
Axustes/Novas tarefas	

Como se pode observar as accións de mellora leváronse a cabo e dalgunha delas a eficacia está pendente de avaliar.

1.5. Coordinación titulacións interuniversitarias e Ínter-centros.

No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.

No caso de títulos compartidos coa Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC (Grao en Administración e Dirección de Empresas e Máster en Dirección de Empresas), procúrase a maior coordinación posible intercentros. As accións de mellora que se deseñan no marco do SGC e afectan directamente a estes títulos se aplican nalgúns casos nos dous campus, e noutros casos, de forma específica en cada facultade atendendo ás súas particularidades.

1.6. Sistema SIGC/SGC.

Vixencia e adequación dos procesos, procedementos e documentación do SGC.

Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.

O Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Administración e Dirección de Empresas está, no momento da presentación desta Memoria actualizado con novas versións do Manual de Procesos e do Manual do Sistema de Garantía de Calidade.

1.7. Análise da satisfacción.

Adequación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Neste punto faise referencia aos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese. A sistemática para esta recollida de información está exposta no proceso institucional da USC PI-08, análise de expectativas e medición da satisfacción das necesidades dos grupos de interese, que establece o proceso de recollida de información a nivel institucional sobre os aspectos máis relevantes (docencia, servizos, mobilidade, traballo). A Facultade, pola súa parte, complementa esta información recadada a nivel institucional, a través de reunións cos grupos de interese (estudantes, profesorado, coordinadores curso). Esta información, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e, no seu caso, a procedente de queixas, reclamacións e suxestións, conforma en boa medida a base sobre a que se realiza o seguimento anual do SGC e dos programas formativos. Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recada información mediante enquisas é suficiente, e o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos. En cursos anteriores ao analizado, desenvolvéronse varias accións de mellora, para incrementar a participación e mellorar a obtención de información dos grupos de interese.

No curso 2023-24 presentouse formalmente na Facultade de Administración e Dirección de Empresas (Lugo), no grao en ADE, unha reclamación por parte dun grupo de alumnos sobre un profesor dunha materia relativa a diversos aspectos (métodos de avaliación, incumprimento de titorías, faltas de asistencia a clase, etc.). Unha vez analizadas as evidencias e alegacións por ambas partes procedeuse a tramitar dita queixa seguindo o procedemento establecido. Consideramos que dada a cantidade de alumnos e a baixa frecuencia destes casos o número de incidencias foi baixo.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

2.1. Adecuación de procedementos.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas ten recollido o proceso PE-02 Revisión e Mellora no Manual de Procesos polo cal se fai a análise do funcionamento dos títulos, se propoñen modificacións ou mesmo se propón a extinción dalgunha titulación que se realizaría de acordo ao proceso institucional PI-03. O proceso PE-02 é a guía para o seguimento anual das titulacións e vela pola execución das accións de mellora vinculadas ao centro e, en definitiva, ás titulacións.

Seguindo este proceso as comisións de título dos programas de formación da Facultade de ADE fan un seguimento do cumprimento da memoria verificada dos títulos (Grao en ADE, Grao en Empresa e Tecnoloxía e Máster en Dirección de Empresas) valorando a conveniencia de actualizala, modificala ou ratificar a súa vixencia. Con base nese proceso e mediante diversos procedementos chave (PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas) tamén se analiza o cumprimento dos programas das materias, os procedementos de coordinación, o logro dos resultados de aprendizaxe, a información relativa á adecuación do perfil de ingreso/egreso ou a información sobre satisfacción ou necesidades dos grupos de interese. Os informes anuais de resultados realizados das distintas titulacións impartidas na Facultade, foron presentados polos coordinadores de grao nas Comisións de Título (CT). No caso dos títulos intercentros, os resultados do informe e das CT tamén se trasladan ás comisións intercentros dos títulos. As evidencias deste traballo aparecen recollidas nas actas das respectivas CT (da facultade e intercentros) que son trasladadas á CCD do centro, que tamén os revisa, analiza e verifica, propoñendo con base neles accións de mellora para o seguinte curso académico

2.2. Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
****Facer referencia dos seguintes apartados en relación ás Titulacións oficiais impartidas.**

Neste apartado recóllese unha análise sintetizada do desenvolvemento das titulacións impartidas na Facultade de ADE no curso académico:

2.1. Memorias verificadas de Título: *cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:*

2.2. Guías docentes: *cumprimento de guías docentes;*

2.3. Coordinación: *procedementos de coordinación,*

2.4. Perfil ingreso/egreso. *Análise do perfil real de ingresos/egreso,*

2.5. Resultados da aprendizaxe: *análise de que se acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.*

2.6. Satisfacción da Titulación.

Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

Grao en Administración e Dirección de Empresas

A Coordinadora de Título de Grao xunto coa Comisión de Título de Grao (Lugo) e a Comisión de Título Intercentros de Grao (Lugo e Santiago) realizaron, conforme ao establecido na normativa, o seguimento da titulación e quedou evidencia delo no Informe de Resultados do curso 2023-24, que foi aprobado na Comisión Intercentros o día 28 de abril de 2025 e na Comisión de Título de Grao (Lugo) o día 30 de abril de 2025.

2.2.1. Memoria verificada do Título:

A Comisión de Título do Grao en ADE concluíu que o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación se adecuaban ao previsto nese documento. Non se detectaron desaxustes.

2.2.2. Guías docentes

A supervisión do cumprimento dos programas, que se atopan publicados na [web](#) da Facultade, desenvólvese por varias vías. En primeira instancia, apróbanse nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade segundo o establece o proceso PC-02. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título. En segundo lugar, a supervisión realízase mediante as reunións mantidas polos coordinadores de curso co estudiantado por unha banda, e o profesorado por outra. Estas reunións teñen unha periodicidade semestral e en ambos casos, as cuestións tratadas, suxestións e inquietudes son trasladadas a/o Coordinado/a de Grao e expostas na Comisión de Título de Grao. As evidencias destas reunións están recollidas nas pertinentes actas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan que os programas se están a cumprir. Cunha taxa de participación dun 63% os/as estudantes refiren cun 4,12 sobre 5 que o profesorado cumpre co programa e o plan de traballo previsto.

2.2.3. Coordinación: *procedementos de coordinación*

Os procedementos de coordinación da titulación parten do Coordinador de Grao que se apoia nos coordinadores de curso, na coordinación de TFG e na coordinación de prácticas. En aras a mellorar a coordinación vertical e horizontal, os centros contan cunhas recomendacións de Coordinación no que se detallan as funcións de coordinación e o calendario a seguir para os dous centros onde se imparte o

título. Para sistematizar este proceso de coordinación propónse a elaboración dun novo protocolo de coordinación para as titulacións da facultade que será recollido como acción de mellora AM-2

2.2.4. Análise do perfil real de ingreso/egreso

Polo que respecta á adecuación dos perfís de ingreso/egreso considerouse, na reunión da Comisión de Título do 10 de maio de 2024, que segue vixente o establecido na Memoria orixinal do Título. Cabe sinalar o axuste no número de prazas de novo ingreso ofertadas que se reduciu a 70, que supón unha diferenza das 125 que figuran na Memoria. Con todo, isto non supuxo unha modificación na memoria conforme ao principio da ACSUG de facer estas modificacións de memoria cando haxa que facer outras modificacións substanciais. A información dos perfís de ingreso/egreso pode ser consultada no informe de resultados do Título. Sinalar que a nota media de acceso mantense por encima de 8 nos tres últimos cursos.

2.2.5. Aprendizaxe dos titulados: análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

No relativo á medida en que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos para a titulación, a CT de Grao analiza fundamentalmente as taxas de éxito e de graduación globais. Con respecto á taxa de éxito (66,18%) cómpre dicir que subiu este ano lixeiramente con respecto ao curso anterior. Atópase por debaixo do previsto na Memoria de Verificación do Título (80%). No caso da taxa de graduación subiu dun 12,50% a un 36,17% e atópase dentro do establecido na Memoria (35%), e por debaixo da media da USC (60,57%). A taxa de abandono sitúase nun 46,81% mellorando con respecto ao curso anterior (56,25%,). Pola contra aumentou a taxa de abandono no primeiro curso que se sitúa nun 47,46% (29,82% no curso 2022-23). A evolución destas taxas debe ser analizada en máis profundidade para tratar de melloralas.

Táboa 10: Taxas do grao en ADE

Taxas	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de rendemento	57,95	53,18	52,17	54,82
Taxa de éxito	69,66	64,64	63,66	66,18
Taxa de avaliación	83,18	82,27	81,95	82,84
Taxa de graduación	41,38	25,76	12,50	36,17
Taxa de abandono (RD 10393/2007)	41,38	50,00	56,25	46,81
Taxa de abandono durante o 1º curso	31,25	36,17	29,82	47,46
Taxa de eficiencia	82,40	73,46	82,19	83,66

Proponse continuar coa AM-2.1 do curso 2022-23, que agora será a AM-1.1 Análise e revisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación das materias que conforman o Grao en ADE.

2.2.6. Satisfacción da Titulación: Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación

No que se refire á análise de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación, os datos son obtidos a través das enquisas institucionais, as reunións mantidas cos distintos colectivos implicados no proceso de ensino/aprendizaxe. As comisións consideran que os procedementos para obter a información son satisfactorios e o fluxo de información está garantido. Polo que respecta aos resultados as enquisas (INF.22 e INF 23) amosan que a satisfacción mantén máis ou menos os mesmos valores sen grandes variacións nos últimos anos, tanto por parte do profesorado coma do estudiantado (entre parénteses móstrase a porcentaxe de participación).

Táboa 11: Satisfacción coa titulación - Grao en ADE

Satisfacción coa titulación				
Estudantado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE	3,04 (3,26%)	3,04 (1,34%)	2,98 (3,41%)	3,18 (4,14%)
Profesorado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE	3,94 (37,31%)	3,84 (37,59%)	3,87 (38,52%)	3,90 (41,22%)

Grao en Empresa e Tecnoloxía

No curso 2023-24 a Facultade de ADE continua o proceso de implantación dunha nova titulación de Grao, o Grao en Empresa e Tecnoloxía, de acordo co procedemento PI-01 e seguindo o Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster na USC (aprobado en CG de 28/07/2017). O proceso de implantación ven precedido das actuacións seguintes: comezouse pola presentación da declaración de interese, que foi aceptada pola USC e polas institucións autonómicas. Configurouse a Comisión Redactora, cuxos acordos poden ser consultados nas pertinentes actas, e elaborouse a memoria do título. A proposta foi aprobada en Xunta de Facultade en maio de 2019, e a continuación, pasou a Consello de Goberno, no mes de xullo de 2019. Obtida a verificación do plan de estudos polo Consejo de Universidades, previo informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como a autorización da Xunta de Galicia, e establecido o carácter oficial do título por acordo do Consejo de Ministros de 1 de setembro de 2020 o plan de estudos foi finalmente publicado no BOE do 7 de maio de 2021 (Resolución de 28 de abril de 2021, de la Universidad de Santiago de Compostela, por la que se publica el plan de estudios de Graduado o Graduada en Empresa y Tecnología). Finalmente decidiuse que a implantación do título se levara a cabo para o curso 2020-21.

A Coordinadora de Título de Grao xunto coa Comisión de Título de Grao realizaron conforme ao establecido na normativa o seguimento da titulación e quedou evidencia no Informe de Resultados do curso 2023-24 que foi aprobado na Comisión de Título de Grao o día 30 de abril de 2025. Durante o curso 2023-24 implantouse o cuarto curso na modalidade presencial e o terceiro na modalidade semipresencial sen detectar incidencias.

Neste curso recibíuse a aprobación da modificación da Memoria do Título para a súa adaptación ao RD 822/2021 do 28 de setembro. A aprobación foi publicada no [DOG](#) o 24 de xullo de 2024 e no [BOE](#) o 17 de decembro de 2024. O próximo curso comeza a implantación da segunda edición na modalidade presencial e a modalidade semipresencial pasa a ser virtual.

2.2.1. Memoria verificada do [Título](#):

A Comisión de Título do Grao en Empresa e Tecnoloxía concluíu que o desenvolvemento das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación e cualificación se adecuaban ao previsto nese documento. Non se detectaron desaxustes.

2.2.2. [Guías](#) docentes

A supervisión do cumprimento dos programas, que se atopan publicados na [web](#) da Facultade, desenvólvese por varias vías. En primeira instancia, apróbanse nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade segundo o establece o proceso PC-02. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran

na Memoria do título. En segundo lugar, a supervisión realízase mediante as reunións mantidas polos coordinadores de curso co estudiantado por unha banda, e o profesorado por outra. Estas reunións teñen unha periodicidade semestral e en ambos casos, as cuestións tratadas, suxestións e inquietudes son trasladadas a/o Coordinado/a de Grao e expostas na Comisión de Título de Grao. As evidencias destas reunións están recollidas nas pertinentes actas. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan que os programas se están a cumprir. Cunha taxa de participación dun 42,86% os/as estudantes refiren cun 4,22 sobre 5 que o profesorado cumpre co programa e o plan de traballo previsto.

2.2.3. Coordinación: procedementos de coordinación

Os procedementos de coordinación da titulación parten do Coordinador de Grao que se apoia nos coordinadores de curso, na coordinación de TFG e na coordinación de prácticas. En aras a mellorar a coordinación vertical e horizontal, os centros contan cunhas recomendacións de Coordinación no que se detallan as funcións de coordinación e o calendario a seguir. Para sistematizar este proceso de coordinación propónse a elaboración dun novo protocolo de coordinación para as titulacións da facultade que será recollido como acción de mellora AM-2

2.2.4. Análise do perfil real de ingreso/egreso

Polo que respecta á adecuación dos perfís de ingreso/egreso considerouse, na reunión da Comisión de Título do 10 de maio de 2024, que segue vixente o establecido na Memoria orixinal do Título. O número de prazas de novo ingreso ofertadas foi de 40 na modalidade presencial e de 10 na semipresencial, que se cubriron completamente. A nota media de acceso por preinscrición sitúase nun 9,84.

2.2.5. Aprendizaxe dos titulados: análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

No relativo á medida en que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos para a titulación, a CT de Grao analiza fundamentalmente as taxas de éxito e de gradación globais. Con respecto á taxa de éxito (84,68%) cómpre dicir que subiu este ano lixeiramente con respecto ao curso anterior. A taxa de abandono no primeiro curso que se sitúa nun 19,57% (27,08% no curso 2022-23) e sitúase no limiar que figura na memoria de verificación do título.

Táboa 12: Taxas do grao en EeT

Taxas	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de rendemento	56,11	65,86	75,18	79,17
Taxa de éxito	65,42	74,50	81,32	84,68
Taxa de avaliación	85,77	88,40	92,46	93,49
Taxa de abandono durante o 1º curso			27,08	19,57
Taxa de eficiencia				97,06

2.2.6. Satisfacción da Titulación: Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación

No que se refire á análise de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación. Os datos son obtidos a través das enquisas institucionais, as reunións mantidas cos distintos colectivos implicados no proceso de ensino/aprendizaxe. As comisións consideran que os procedementos para obter a información son satisfactorios e o fluxo de información está garantido. Polo que respecta aos resultados as enquisas (INF.22 e INF 23) amosan que a satisfacción mantén máis ou menos os mesmos valores sen grandes variacións nos últimos anos, tanto por parte do profesorado coma do estudiantado (entre parénteses móstrase a porcentaxe de participación).

Táboa 13: Satisfacción coa titulación - Grao en EeT

Satisfacción coa Titulación				
Estudiantado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao EeT		3,24	2,84	3,19
		(5,56%)	(12,68%)	(7,69%)
Profesorado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao EeT	4,37	3,76	4,20	4,10
	(50%)	(25,81%)	(18,18%)	(37,29%)

Master Universitario en Dirección de Empresas

O Máster Universitario en Dirección de Empresas (MUDE) desenvolveuse con normalidade no curso 2022-23. O seu seguimento realizouse a través da Comisión de Máster en Dirección de Empresas e da Comisión Intercentros de Máster en Dirección de Empresas

2.2.1. Memoria verificada do Título:

A valoración do cumprimento do incluído na Memoria de Verificación do Título fíxose a través da Comisión de Título de Máster Intercentros. Non se detectaron desaxustes.

2.2.2. Guías docentes

A supervisión do cumprimento dos programas, que se atopan publicados na web da Facultade, desenvólvese por varias vías. En primeira instancia, apróbanse nos Consellos de Departamento e, posteriormente, na Xunta de Facultade segundo o establece o proceso PC-02. Os departamentos deben verificar, antes de aprobalos, a concordancia entre os programas/guías docentes e as fichas que figuran na Memoria do título. Os datos das enquisas de avaliación da docencia recibida avalan que os programas se están a cumprir. Cunha taxa de participación dun 48,15% os/as estudantes refiren cun 4,31 sobre 5 que o profesorado cumpre co programa e o plan de traballo previsto.

2.2.3. Coordinación: procedementos de coordinación

O Coordinador de Título exerce ademais como coordinador de TFM e coordinador de Prácticas. A sistemática consiste no intercambio de información periódica co alumnado e os docentes para, logo, trasladar esa información, queixas ou suxestións á Comisión de Título de Máster e finalmente, á Comisión de Títulos Intercentros de Máster, sendo este último o órgano máximo de coordinación.

2.2.4. Análise do perfil real de ingreso/egreso

O número de prazas de novo ingreso ofertadas continúa sendo o establecido na memoria (46 prazas repartidas entre os dous campus). A matrícula no título da facultade foi de 32 estudantes dos que 19 foron de novo acceso.

2.2.5. Aprendizaxe dos titulados: análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.

No relativo á medida en que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos para a titulación, as taxas indicativas destes resultados seguiron a ser satisfactorias. A taxa de éxito (96,21%), subiu con respecto ao ano anterior (95,11%), está moi preto da media da USC (98,68%) e algo superior a media do máster (95,95%). A taxa de rendemento experimentou un ascenso ata acadar o 81,25%. (76,95% no curso pasado) o que a sitúa máis preto das cifras de cursos anteriores. A taxa de graduación do Máster é de 53,85%. Hai que indicar que este é un dato que oscila bastante en función dos cursos e depende moito da defensa do TFM. A taxa de abandono dos estudos en Lugo neste curso é do 15,38% (47,06% no curso

pasado). Por último, indicar que a duración media dos estudos mantense en valores similares ao do curso pasado (1,25 anos este curso e 1,2 anos o curso pasado).

Táboa 14: Taxas do MUDE

Taxas	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de rendemento	93,05	48,59	76,95	81,25
Taxa de éxito	99,53	91,91	95,11	96,21
Taxa de avaliación	93,50	52,88	80,91	84,45
Taxa de graduación	77,78	68,75	35,29	53,85
Taxa de abandono (RD 10393/2007)	0,00	0,00	47,06	15,38
Taxa de abandono durante o 1º curso	31,25	36,17	29,82	47,46
Taxa de eficiencia	96,24	91,00	98,10	93,30

2.2.6. Satisfacción da Titulación: Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación

No que se refire á análise de satisfacción, necesidades e expectativas dos grupos de interese en relación coa titulación. Os datos son obtidos a través das enquisas institucionais, as reunións mantidas cos distintos colectivos implicados no proceso de ensino/aprendizaxe. As comisións consideran que os procedementos para obter a información son satisfactorios e o fluxo de información está garantido. Polo que respecta aos resultados as enquisas (INF.22 e INF 23) amosan que a satisfacción mantén máis ou menos os mesmos valores sen grandes variacións nos últimos anos, tanto por parte do profesorado coma do estudantado (entre parénteses móstrase a porcentaxe de participación).

Táboa 15: Satisfacción coa titulación - MUDE

Satisfacción coa Titulación				
Estudiantado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MUDE	3,31	3,79	3,81	3,64
	(2,94%)	(7,32%)	(7,69%)	(26,53%)
Profesorado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MUDE	4,43	4,31	4,09	4,01
	(39,33%)	(26,67%)	(46,67%)	(54,84%)

Programas en extinción: Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas

Neste curso 2023-24 a Facultade de ADE ten un título en proceso de extinción (Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas), a supresión deste título foi acordada polo Consello de Goberno da USC, e publicado no DOG con data de 24 de decembro de 2019. A decisión sobre a supresión desta titulación da oferta docente da Facultade de ADE veu avalada pola baixa demanda dende a súa implantación, encontrándose sempre por debaixo do límite de prazas marcado pola normativa autonómica vixente.

Con todo, o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade e os mecanismos e procedementos establecidos pola USC para a extinción de títulos no seu Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na Universidade de Santiago de Compostela garanten que o estudantado matriculado na titulación poida rematala con garantías. A día de hoxe, non se produciu ningún tipo de incidencia con respecto a este proceso de extinción. Este curso foi o último no que o estudantado tiña dereito a exame. O título extínguese oficialmente neste curso.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos a contemplar:

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

- Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
- Admisión do alumnado (acción de captación).
- Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
- Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
- Mobilidade.
- Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
- Avaliación da aprendizaxe
- Prácticas externas.
- Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
- Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Introdución: Garantía de aprendizaxe.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:

Os procesos chave PC-01, Análise do perfil de ingreso e captación; PC-02, Planificación das ensinanzas; PC-03, Apoio aos estudantes; PC-04, Desenvolvemento das ensinanzas, e PC-05, Análise de resultados e mellora dos programas, recollidos no Manual de Procesos do SGC da Facultade de ADE son os que rexen o desenvolvemento dos programas formativos, e a través deles procúrase que os e as estudantes poidan acadar os obxectivos formativos das titulacións.

3.1. Normativas.

Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).

3.2. Admisión do alumnado (accións de captación).

3.3. Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

3.4. Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

3.5. Mobilidade.

3.6. Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

3.7. Avaliación da aprendizaxe

3.8. Prácticas externas.

3.9. Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

3.10. Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

3.11. Satisfacción do Alumnado.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

O marco normativo que regula a estancia universitaria do estudantado dende o seu comezo coa admisión, ata o remate coa entrega do título está rexida pola USC, que é quen establece as normativas, regulamentos e instrucións que aproba o Consello de Goberno.

As principais normativas poden consultarse nos enderezos web:

<https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/normativa/alumnado>

<https://www.usc.gal/es/institucional/goberno/area/normativa>

A normativa máis relevante a nivel institucional é:

- [Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na USC](#) (aprobada en Consello de Goberno [CG] de 28/10/2022). Establece, entre outras cuestións, cal son e como se conforman os órganos académicos responsables dos programas formativos (CT, coordinador/a de título); a estrutura da organización en créditos; tipos de materias, ou modalidades de ensino.
- [Normativa sobre permanencia nas titulacións de grao e máster na USC](#) (CG 15/06/2011 e 25/05/2012; Consello Social 05/06/2012 e 03/12/2014), xunto coas instrucións da Secretaría Xeral que a interpretan e as Resolucións reitorais e Acordos do CG que a modifican (14/06/2012; 20/07/2012; 30/05/2013; 03/11/2014; 12/11/2024; 08/05/2015; 10/03/2016; 24/06/2024). Fixa os principios para a progresión nos estudos (número de créditos máximo matriculables, condicións para a matrícula e superación do TFG/TFM, etc.) e o límite de convocatorias. En relación con ela tamén está a Resolución reitoral relativa á convocatoria de fin de carreira para as titulacións adaptadas ao EEES (CG 24/09/2013) e a súa modificación (CG 08/10/2015).
- [Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos](#) (CG 14/03/2008). Fixa os criterios, a unidade de recoñecemento, o sistema de recoñecemento e o modo de transferencia ao expediente do estudantado.
- [Procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e máster](#) (RR 30/01/2013), coas modificacións, ampliacións e instrucións aclaratorias posteriores (as máis relevantes, o acordo do CG de 05/07/2016, e a súa modificación de 12/05/2018). Establece os procedementos para facer constar, nos expedientes do estudantado, a acreditación de competencias de carácter transversal, por experiencia profesional e outras e, no seu caso, o seu cómputo en créditos.
- Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións (aprobada en CG [15/06/2011](#), modificada en [CG de 05/04/2017](#)), que establece as garantías do estudantado respecto dos procedementos de avaliación.
- [Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster](#) (acordo CG 10/03/2016, modificado en CG [29/07/2024](#)). Este regulamento, que establece as normas e procedementos académicos e administrativos en relación cos TFG e TFM, establece que cada Centro deberá elaborar a normativa propia para os seus títulos.
- [Normativa sobre asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES](#) (CG 25/03/2010) e instrución da Secretaría Xeral sobre dispensa en determinadas circunstancias (27/04/2017).
- [Regulamento de prácticas académicas externas](#) (CG 29/07/2015), que establece as condicións básicas para as prácticas profesionais a realizar en entidades, empresas ou institucións alleas á USC.

- [Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de estudantes da USC](#) (CG 26/10/2012 e modificacións posteriores, a máis recente de 18/07/2019) e, en relación con este, a [Normativa sobre recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio](#) (CG 03/03/2017 e a modificación posterior de 24/05/2018).
- [Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao para persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral](#) (CG 23/03/2011).

Esta normativa xeral, nalgúns casos, está concretada en normas máis específicas que parten do propio centro. Entre elas:

- [Regulamento de TFG do Grao en ADE](#) (Xunta de Facultade [XF] 04/11/2016, CG 31/01/2017).
- [Regulamento de TFG en Empresa e Tecnoloxía](#) (XF 19/07/2023, CG: 11/10/2023)
- [Regulamento de Traballo de Fin de Máster en Dirección de Empresas](#) (Comisión Académica de Máster 11/12/2013, CG 21/05/2014).

Este conxunto de normativas e regulamentos normativizan con transparencia os procedementos e condicións formais para o acceso, evolución e terminación dos programas formativos

As CT xunto coa CCD valoran periodicamente o desenvolvemento dos procesos formativos e os indicadores que evidencian o grao de satisfacción co proceso de ensino-aprendizaxe, así como os resultados acadados. A continuación sintetízanse as conclusións acadadas para cada título no relativo ao proceso de admisión do estudantado (accións de captación), complementos formativos, orientación académica, metodoloxías de ensinanza e avaliación da aprendizaxe, prácticas externas, TFG/TFM, resultados de aprendizaxe nas materias dos títulos e indicadores de satisfacción, queixas, suxestións, etc.

Preséntase unha análise sintetizada sobre as titulacións impartidas na Facultade de ADE no curso académico:

Grao en Administración e Dirección de Empresas

3.2 Admisión do estudantado (acción de captación).

Polo que respecta aos procesos de admisión e ás accións de captación de estudantado, o Grao en ADE réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público, polo que este Grao non presenta criterios de acceso distintos dos derivados da limitación de prazas de novo ingreso e os establecidos pola lexislación vixente para os estudos de grao. Dende a Facultade unicamente se fixan os “Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica da PAU para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia” que vén mantendo o criterio dos cursos anteriores.

Entre as accións de captación destaca a participación da Facultade de ADE no programa “A Ponte” da USC, mediante o cal profesorado da Facultade acode a centros de secundaria para impartir charlas, o estudantado de secundaria visita a Facultade na Xornada de portas abertas e se intenta facerlles chegar a maior cantidade de información posible para que o estudantado que acceda ao grao o faga coa mellor orientación posible. Tamén se participou en distintas feiras organizadas pola USC. Neste sentido mantense a AM-4 dos cursos anteriores que pasará a ser AM – 3 que é a participación no programa “A-Ponte” con participación nas feiras que organiza tanto a USC como outras institucións para a difusión dos títulos da facultade, ademais da participación activa en distintos centros de ensino da cidade de Lugo a través de charlas informativas.

3.3 Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Realizáronse diversas actividades, charlas e cursos para mellorar as competencias do estudantado. A información das actividades realizadas pode ser consultada no informe de resultados do Título.

3.4 Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

As accións dirixidas aos estudantes do Grao encádranse no [Plan de Acción Tutorial](#) (PAT) que se pode consultar na web da Facultade que se mellora e actualiza periodicamente. Este PAT comprende actividades de acollida e orientación dirixidas aos estudantes, no momento da súa incorporación á universidade e tamén ao longo dos seus estudos. As accións que integran o plan prográmanse, desenvólvense e avalíanse conforme ao proceso PC-03 Apoio a estudantes do SGC da Facultade. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas de xestión de información organizados conxuntamente coa Biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticas ou Traballo de Fin de Grao son valoradas no Informe de Resultados do título en ADE para o curso 2023-24.

Entre as accións de orientación académica destaca o Programa de Titores, pertencente ao programa “A Ponte”. Este programa crea a figura de alumno/a-titor/a que é un/unha estudante veterano/a que orienta e apoia ao novo estudantado. Unha avaliación positiva da dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do estudantado. Neste senso, fíxose unha difusión do programa titores polas aulas, a través da páxina web, redes sociais e monitores de televisión da Facultade.

Polo que respecta á orientación profesional organízanse charlas e xornadas de orientación para que o estudantado poida afrontar con éxito a saída ao mercado laboral, e tamén se lles informa de saídas profesionais e oportunidades laborais. Estas accións están recollidas con máis detalle no Informe de resultados do título.

3.5 Mobilidade.

Non se dispón de datos sobre a porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN17G-PC-08). A porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados (IN18G-PC-08) que medrara significativamente nos últimos anos e caera abruptamente no curso 2020-21 (4,07%) este curso toma un valor aínda moito máis baixo, 1,45%.

No grao en ADE en Lugo no curso 2023-24, a mobilidade entrante afectou a 3 estudantes (1 Erasmus e 2 convenios con outras universidades). En canto a mobilidade saínte foron 2 estudantes, ambos Erasmus (INF.03). Dende a facultade de ADE seguimos a facer un esforzo importante para dinamizar este tipo de programas, xa que algúns dos convenios firmados con outras universidades quedan sen cubrir. Por iso, seguimos facendo unha presentación dos programas ao alumnado e contamos con alumnado-titor para tratar de dinamizar tamén estes programas. Asemade, incentivouse a participación do alumnado nas diferentes actividades organizadas polo Campus Terra.

3.6 Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

En referencia ás metodoloxías de ensino e con base nas reunións mantidas entre os coordinadores de curso e o estudantado, considérase que se están seguindo as metodoloxías marcadas nos programas das materias; programas que previamente foron supervisados polos Departamentos e a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade

3.7 Avaliación da aprendizaxe

Os criterios de avaliación da aprendizaxe axústanse ao recollido nos programas das materias (supervisados polos Departamentos e pola Comisión de Calidade e Docencia da Facultade)

3.8 Prácticas externas.

No Grao en ADE as prácticas externas teñen carácter optativo. O estudantado pode obter seis créditos de prácticas externas curriculares. A convocatoria de prácticas externas publicouse o 29 de xaneiro de 2024, aínda que o calendario do procedemento estivo publicado dende o inicio de curso. O convenio colaboración foi asinado por un total de 12 entidades ou empresas que ofertaron 14 prazas de prácticas. Ademais, 4

empresas adicionais foron propostas polo alumnado. Por outra banda o SERGAS ofertou 6 prazas. As prácticas por normal xeral foron realizadas no período habitual, do 1 de abril ao 31 de agosto. O número total de alumnos que realizaron prácticas no curso 2023-24 foi inferior, ascendendo a 11, dos cales 8 se corresponden con prácticas curriculares e 3 con extracurriculares. A satisfacción dos estudantes coas prácticas é bastante alta segundo do IN19G (3,58) aínda que inferior á dos cursos previos que se situaba roldando o 4,5.

En Lugo non temos datos do INF07 para o curso 2023-24, porén o indicador relativo a satisfacción media no último curso dos titores académicos (IN21G) é elevado e sitúase en 4,5. Respecto aos titores profesionais (IN20G) a satisfacción incrementouse respecto dos cursos previos situándose en 4,89 no curso 2023-24. A satisfacción amosada polo estudantado tamén é alta cunha puntuación de 3,75.

Táboa 16: Satisfacción cos programas de prácticas externas - Grao en ADE

Estudantes (IN19G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en ADE	3,06	-	4,67	4,67	4,47	3,58
Titores externos (IN20G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en ADE	4,14	-	4,70	4,71	4,31	4,89
Titores académicos (IN21G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en ADE	-	-	4,00	-	-	4,50

Outro dos aspectos a valorar nas prácticas é a relación que o estudantado percibe entre a formación que recibe e o traballo desenvolto nas prácticas. Dentro da enquisa de valoración das prácticas (INF06) hai unha cuestión que fai referencia e ese aspecto. A evolución dese indicador móstrase na táboa seguinte:

Táboa 17: Percepción da relación entre a formación recibida e o traballo desenvolto nas prácticas - Grao en ADE

As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en ADE	3,00		5,00	5,00	3,50	3,00

Hai que ter en conta que esta é unha valoración moi subxectiva por parte do estudantado. Os datos amosan un descenso deste indicador nos últimos cursos. Dende o centro estase a traballar para conseguir novos convenios de prácticas e tratar de mellorar ese indicador. Esta é unha das accións de mellora propostas para o curso 2024-25 e será a AM-3

3.9 Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

En canto aos procedementos para a xestión e organización dos traballos de fin de grao, no 2022-23 séguese mantendo o regulamento de cursos anteriores posto que se considera adecuado no relativo ao proceso de publicación da oferta, asignación de titores/temas, inscrición, defensa, cualificación. Todo o procedemento desenvólvese nos prazos marcados, sen incidencias e con transparencia. Toda a información das distintas fases foi publicada no apartado corresponde ao Traballo de Fin de Grao na web da Facultade de ADE e a través da Aula de Coordinación de TFG. Ademais, dende a coordinación de TFG faise unha reunión semestral de orientación e resolución de dúbidas. En canto á materia TFG, cómpre salientar que a taxa de éxito é do 100%, o que demostra que a materia non presenta problemas especiais unha vez que o alumnado reúne os requisitos para presentarse, xa que a totalidade do alumnado supera esta materia. A taxa de rendemento

(créditos superados/matriculados) da materia TFG segue a ser baixa e o mesmo acontece coa taxa de avaliación

Táboa 18: Taxas do TFG - Grao en ADE

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de éxito TFG	100	100	100	96,43	100	100
Taxa de avaliación TFG	38,20	54,76	37,04	41,79	43,33	40,43
Taxa de rendemento TFG	38,20	54,76	37,04	40,30	43,33	40,43

3.10 Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

Na *Memoria de Verificación do Título* non se incluíron explicitamente os resultados de aprendizaxe para o título e materia posto que, de acordo co establecido na lexislación, só se establecía en termos de competencias.

Sen embargo cabe salientar que na análise das taxas de éxito, esta sitúase en valores similares ao curso 2022-23. A taxa aumentou lixeiramente situándose nun 66,18 % mentres nos cursos anteriores era dun 69,66% (2020-21), dun 64,64% (2021-22) e dun 63,66% (2022-23). A análise destas taxas foi realizada na epígrafe anterior.

Así mesmo, a satisfacción dos egresados (IN42) presenta este curso un valor de 3,48 similar as dos cursos pasados (3,38 no curso 2022-23, 3,32 no 2021-22 e 3,39 no 2020-21). Con todo, os resultados deben ser tomados con cautela xa que a taxa de resposta, coma en anos anteriores é reducida (5,5%) e son recollidos no momento de solicitude de expedición do título polo que é probable que o egresado non sexa capaz de valorar ata que punto adquiriu as competencias do título e a utilidade desas competencias adquiridas na titulación para o desempeño laboral. Por outro lado, o último informe da ACSUG “[Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2014-2015](#)” (Enquisa realizada en xaneiro-marzo de 2021) os enquisados sinalan maioritariamente que voltarían a cursar a súa titulación na mesma Universidade (94%), situándose lixeiramente por encima da media de todos os grados en ADE do SUG (90,5%).

Táboa 19: Grado de satisfacción xeral dos egresados coa titulación - Grao en ADE

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en ADE	3,40		3,39	3,32	3,38	3,48

3.11 Satisfacción do Estudiantado.

A análise correspondeu a *Comisión de Título do Grao* segundo a cal se determinou que os niveis de satisfacción coa docencia recibida presentan no 2023-24 valores de xeito global lixeiramente inferiores ao anterior (3,75 fronte ao 4,05 do ano anterior). O aspecto mellor valorado (4,12) é o referente ao cumprimento do plan de traballo previsto, seguido da explicación dos criterios de avaliación (4,03). Pola contra, o menos valorado fai referencia a que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos (3,54) e a motivación por parte do docente da participación activa e crítica (3,60) xunto coa relevancia da materia para a formación do estudiantado (3,60). O profesorado valora cunha media de 4,20 (sobre 5) a satisfacción coa docencia impartida sendo o aspecto menos valorado os coñecementos e habilidades cos que chega o estudiantado para cursar a materia (3,38), a participación do estudiantado durante as clases (3,50) e a titorización do TFG (3,71). O aspecto máis valorado polos docentes é o trato correcto cos estudantes (4,91) e a accesibilidade ao estudiantado en clases e titorías (4,90). A evolución global destas taxas amósanse na táboa seguinte:

Táboa 20. Satisfacción coa docencia - Grao en ADE

Satisfacción coa Docencia (recibida/impartida)				
Estudantado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en ADE	3,88 (40,00%)	3,94 (29,41%)	4,05 (30,84%)	3,75 (63,24%)
Profesorado				
Curso	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en ADE	-	4,31 (56,41%)	4,37 (55,88%)	4,20 (47,37%)

Hai que sinalar que as accións tomadas para mellorar a porcentaxe de participación do alumnado fixeron que se duplicara dita porcentaxe de resposta á enquisa.

Grao en Empresa e Tecnoloxía

3.2 Admisión do estudantado (acción de captación).

O Grao en EET ao igual que o Grao en ADE, réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Grao no Sistema Universitario Público, polo que este Grao non presenta criterios de acceso distintos dos derivados da limitación de praza de novo ingreso e os establecidos pola lexislación vixente para os estudos de grao. Dende a Facultade unicamente se fixan os “Parámetros de ponderación das materias da Fase Específica da PAU para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia” que vén mantendo o criterio dos cursos anteriores.

Entre as accións de captación son as mesmas que se indicaron neste mesmo apartado do Grao en ADE xa que se fan a nivel de Facultade

3.3 Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Realizáronse diversas actividades, charlas e cursos para mellorar as competencias do estudantado. A información das actividades realizadas pode ser consultada no informe de resultados do Título.

3.4 Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

As accións dirixidas aos estudantes do Grao encádranse no [Plan de Acción Tutorial](#) (PAT) que se pode consultar na web da Facultade e que se mellora e actualiza periodicamente. Este PAT comprende actividades de acollida e orientación dirixidas aos estudantes, no momento da súa incorporación á universidade e tamén ao longo dos seus estudos. As accións que integran o plan prográmanse, desenvólvense e avalíanse conforme ao proceso PC-03 Apoio a estudantes do SGC da Facultade. A efectividade e resultados da xornada de acollida, os cursos de ferramentas de xestión da información organizados conxuntamente coa Biblioteca, e as charlas/sesións informativas dirixidas a proporcionar orientación sobre mobilidade, Prácticas ou Traballo de Fin de Grao son valoradas no Informe de Resultados do título en EeT para o curso 2023-24.

Entre as accións de orientación académica destaca o Programa de Titores, pertencente ao programa “A Ponte”. Este programa crea a figura de alumno/a-titor/a que é un/unha estudante veterano/a que orienta e apoia ao novo estudantado. Unha avaliación positiva da dereito ao recoñecemento de 6 créditos optativos no expediente do estudantado. Neste senso, fíxose unha difusión do programa titores polas aulas, a través da páxina web, redes sociais e monitores de televisión da Facultade.

Polo que respecta á orientación profesional organízanse charlas e xornadas de orientación para que o estudantado poida afrontar con éxito a saída ao mercado laboral, e tamén se lles informa de saídas profesionais e oportunidades laborais. Estas accións están recollidas con máis detalle no Informe de resultados do título.

3.5 Mobilidade.

Non houbo estudantes enviados con programas de mobilidade e tampouco houbo estudantado entrante.

3.6 Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

En referencia ás metodoloxías de ensino e con base nas reunións mantidas entre os coordinadores de curso e o estudantado, considérase que se están seguindo as metodoloxías marcadas nos programas das materias; programas que previamente foron supervisados polos Departamentos e a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade

3.7 Avaliación da aprendizaxe

Os criterios de avaliación da aprendizaxe axústanse ao recollido nos programas das materias (supervisados polos Departamentos e pola Comisión de Calidade e Docencia da Facultade)

3.8 Prácticas externas.

As prácticas externas son obrigatorias no grao e este foi o primeiro ano no que se realizaron, acadando un total de 18 alumnos. O período de realización abarca dende o 18 de marzo e o 31 de xullo de 2024. O número total de empresas ofertadas foi de 21 e un total de 23 prazas (dúas empresas ofertaron dúas prazas cada unha).

A satisfacción media do alumnado coas prácticas externas é elevado anque mellorable (4,07). Case todos os ítem recollidos no INF06 alcanzan puntuacións de arredor do catro e superior agás o da información previa recibida (2,50) e a duración das prácticas (3,67). Esta última ven marcada pola materia e os datos non informan se consideran que duran moito ou pouco. A satisfacción dos titores académicos tamén é elevada e todos os indicadores do INF08 amosan valores por riba do 4.

Táboa 21: Satisfacción cos programas de prácticas externas - Grao en EeT

Estudiantes (IN19G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en EeT	-	-		-	-	4,07
Tutores externos (IN20G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en EeT	-	-			-	-
Tutores académicos (IN21G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en EeT	-	-		-	-	4,46

Outro dos aspectos a valorar nas prácticas é a relación que o estudantado percibe entre a formación que recibe e o traballo desenvolto nas prácticas. Dentro da enquisa de valoración das prácticas (INF06) hai unha cuestión que fai referencia e ese aspecto. A evolución dese indicador móstrase na táboa seguinte:

Táboa 22: Percepción da relación entre a formación recibida e o traballo desenvolto nas prácticas - Grado en EeT

As actividades desenvolvidas tiñan unha relación clara coa formación da miña carreira.

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grado en EeT						4,33

Este era o primeiro ano que se realizan as prácticas no grao en EeT e o indicador amosa que os estudantes perciben unha alta correlación entre a formación e a realidade laboral das prácticas.

3.9 Traballo fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

O [regulamento](#) do TFG foi aprobado polo Consello de Goberno da universidade en outubro de 2023 e nel está regulado todo relativo ao proceso de publicación da oferta, asignación de títolos/temas, inscrición, defensa, cualificación. O procedemento desenvólvese nos prazos marcados, sen incidencias e con transparencia. Toda a información das distintas fases foi publicada no apartado correspondente ao [Traballo de Fin de Grao](#) na web da Facultade de ADE e a través da Aula de Coordinación de TFG. Ademais, dende a coordinación de TFG faise unha reunión semestral de orientación e resolución de dúbidas.

En canto á materia TFG, cómpre salientar que a taxa de éxito é do 100%, o que demostra que a materia non presenta problemas especiais unha vez que o alumnado reúne os requisitos para presentarse, xa que a totalidade do alumnado supera esta materia. A taxa de rendemento (créditos superados/matriculados) da materia TFG segue é bastante alta (70,59%), igual que a taxa de avaliación (créditos presentados/matriculados). Este ano é o primeiro no que se impartiu 4º curso, e polo tanto o primeiro no que se presentaron TFGs, polo que non se pode comparar con anos anteriores.

Táboa 23: Taxas do TFG - Grao en EeT

Curso	2023-24
Taxa de éxito TFG	100
Taxa de avaliación TFG	70,59
Taxa de rendemento TFG	70,59

3.10 Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

A taxa de éxito sitúase nun 84,86% e aumentou lixeiramente con respecto ao curso anterior 81,32% (2022-23). A análise destas taxas foi realizada na epígrafe anterior.

3.11 Satisfacción do Estudiantado.

Con respecto aos resultados obtidos das enquisas de satisfacción do estudiantado coa docencia recibida, mostran un valor medio de 3,76 (sobre 5) cunha porcentaxe de resposta dun 42,86%. O aspecto mellor valorado neste curso (4,22) é o referente ao cumprimento do plan de traballo previsto, seguido do desenvolvemento dos contidos de acordo ao cronograma temporal (4,16) e a explicación dos criterios de avaliación (4,07). Pola contra, o menos valorado fai referencia a que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos (3,42) e a mellora do nivel de partida en relación á materia (3,46). O profesorado valora cunha media de 4,25 (sobre 5) a satisfacción coa docencia impartida sendo os aspectos menos valorados o nivel co que chega o estudiantado á materia (3,56 e a participación do estudiantado durante as clases (3,67) O aspecto máis valorado polos docentes é o trato correcto cos estudantes (4,92) e a accesibilidade ao estudiantado en clases e titorías (4,96). A evolución global destas taxas amósanse na táboa seguinte:

Táboa 24: Satisfacción coa docencia - Grao en EeT

Satisfacción coa Docencia (recibida/impartida)				
Estudiantado				
Curso	2020-21	2021-22	2020-21	2023-24
Grao en EeT	3,92 (68,63%)	3,66 (42,22%)	3,54 (37,04%)	3,76 (42,86%)
Profesorado				
Curso	2020-21	2021-22	2020-21	2023-24
Grao en EeT	-	4,00 (45,16%)	4,25 (36,36%)	4,25 (44,07%)

Máster Universitario en Dirección de Empresas

A avaliación da vixencia e efectividade dos procedementos para garantir a aprendizaxe, ensino e avaliación centradas no alumnado no caso do Máster Universitario en Dirección de Empresas realízase en detalle a Comisión de Título Intercentros de Máster, e queda reflectida nun Informe de resultados que eleva á Comisión de Calidade e Docencia. Destácanse aquí os elementos máis relevantes dese informe para os efectos desta memoria.

3.2 Admisión do estudantado (acción de captación).

Conforme ao que fixa a regulamentación do máster e a Memoria de Verificación do Título, réxese pola normativa xeral aplicable ao acceso aos estudos de Máster no Sistema Universitario Público e aos criterios específicos de acceso ao [Máster en Dirección de Empresas](#). A demanda do título é satisfactoria con base nos datos de demanda, de matrícula e de interese e satisfacción do programa de prácticas externas do propio alumnado e os empregadores. Neste senso, non se fan accións específicas de captación, se ben o coordinador atende constantes preguntas de persoas interesadas por estes estudos, a quen responde e remite ás páxinas web da USC ou do propio máster onde poden consultar a información solicitada.

3.3 Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.

Co obxectivo de garantir unha base común de coñecementos entre todo o estudantado o MUDE consolidou a implantación dun módulo preparatorio de complementos formativos, destinado para os que acceden dende titulacións alleas ao perfil tradicional de Administración e Dirección de Empresas. Esta medida busca asegurar unha adecuada preparación inicial que permita aproveitar ao máximo o desenvolvemento do programa académico. O módulo está constituído por dúas materias clave: Fundamentos de Contabilidade e Fundamentos de Finanzas, ambas cunha carga lectiva de dous créditos ECTS. O seu deseño responde á necesidade de cubrir posibles carencias en coñecementos básicos en áreas esenciais para a dirección empresarial, garantindo así a homoxeneidade do nivel de partida entre os estudantes. A obrigatoriedade de cursar estes complementos determínase segundo a formación previa do alumnado: quen non superasen polo menos 2 créditos en materias relacionadas con finanzas ou contabilidade durante os seus estudos de grao deben matricularse na materia correspondente. A superación destes complementos formativos é condición indispensable para a obtención do título.

3.4 Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.

O Coordinador de Título organiza, o día que se inicia o curso, unha reunión de acollida na que proporciona ao alumnado información sobre a organización docente, recursos, horarios, características xerais das materias, centros dispoñibles para a realización das prácticas externas ou procedementos de asignación de prácticas e de titores, e da información dispoñible na web. Ao longo do curso, vaise informando doutros aspectos (convocatorias de bolsas, período de cambio de matrícula das materias optativas, prazos de publicación e revisión de cualificacións, períodos de cobertura de enquisas de satisfacción, etc.).

3.5 Mobilidade.

Non houbo estudantes enviados con programas de mobilidade e tampouco houbo estudantado entrante. Dado que o MUDE ten un curso de duración a mobilidade é complicada.

3.6 Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)

En referencia ás metodoloxías de ensino e con base nas reunións mantidas entre os coordinadores de curso e o estudantado, considérase que se están seguindo as metodoloxías marcadas nos programas das materias; programas que previamente foron supervisados polos Departamentos e a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade.

3.7 Avaliación da aprendizaxe

Os criterios de avaliación da aprendizaxe axústanse ao recollido nos programas das materias (supervisados polos Departamentos e pola Comisión de Calidade e Docencia da Facultade)

3.8 Prácticas externas.

No MUDE as prácticas teñen carácter optativo. Realízase unha convocatoria anual e as prácticas desenvólvense preferentemente entre o 26 de febreiro e o 15 de xullo. O número total de prazas ofertadas foi de 9 e 3 máis asignadas directamente aos estudantes que propiciaron un convenio de colaboración con outras entidades. As prácticas foron realizadas por 9 estudantes. Ademais, unha estudante realizou prácticas extracurriculares. Non se dispoñen de datos de satisfacción do estudantado nin dos titores externos. A satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas é elevada.

Táboa 25: Satisfacción cos programas de prácticas externas - MUDE

Estudiantes (IN19G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MUDE	4,44	-		3,52	2,44	-
Tutores externos (IN20G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MUDE	3,00			5,00	4,08	
Tutores académicos (IN21G)						
Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MUDE	-	-		-	-	4,43

3.9 Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

A taxa de éxito do TFM é bastante alta acadando o 100% na maioría dos cursos. A taxa de avaliación (créditos presentados/matriculados) da materia TFM mantén cifras similares durante os últimos anos, sempre por encima do 50% mentres que a taxa de rendemento (créditos superados/matriculados) presenta maiores oscilacións.

Táboa 26: Taxas do TFM - MUDE

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Taxa de éxito TFM	100	100	100	96,43	100	92,86
Taxa de avaliación TFM	65,71	52,17	62,50	68,00	58,82	55,56
Taxa de rendemento TFM	50,00	70,59	47,62	33,33	30,77	48,15

3.10 Resultados da aprendizaxe nas materias do título.

A análise das taxas de éxito, esta sitúase en valores similares ao curso 2022-23. A taxa aumentou lixeiramente situándose nun 96,21% A análise destas taxas foi realizada na epígrafe anterior. O grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación acadada neste curso o valor máis alto da serie.

Táboa 27: Grado de satisfacción xeral dos egresados coa titulación - MUDE

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
MUDE	3,41		3,26	3,55		3,65

3.11 Satisfacción do Estudiantado.

Con respecto aos resultados obtidos das enquisas de satisfacción do estudantado coa docencia recibida, mostran un valor medio de 3,96 (sobre 5) cunha porcentaxe de resposta dun 48,15%. O aspecto mellor valorado (4,31) é o referente ao cumprimento do plan de traballo previsto, seguido da explicación dos criterios de avaliación (4,19) e o desenvolvemento dos contidos de acordo ao cronograma temporal (4,16). Pola contra,

o menos valorado fai referencia a axuda recibida na titorías (3,79), a que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos (3,81) e a mellora do nivel de partida en relación á materia (3,87). O profesorado valora cunha media de 4,41 (sobre 5) a satisfacción coa docencia impartida sendo os aspectos menos valorados o nivel co que chega o estudantado á materia (3,36), e a satisfacción coa titorización do TFG/TFM (3,90) O aspecto máis valorado polos docentes é o trato correcto cos estudantes (4,91) e a accesibilidade ao estudantado en clases e titorías (5,00).

A evolución global destas taxas amósanse na táboa seguinte:

Táboa 28: Satisfacción coa docencia - MUDE

Satisfacción coa Docencia (recibida/impartida)				
Alumnado				
Curso	2020-21	2021-22	2020-21	2023-24
MUDE	4,79 (64,71%)	3,85 (44,44%)	4,36 (63,16%)	3,96 (48,15%)
Profesorado				
Curso	2020-21	2021-22	2020-21	2023-24
MUDE	-	4,48 (72,73%)	4,43 (66,67%)	4,41 (57,14%)

Programas en extinción: Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas

No Grao en Xestión de Pequenas e Medianas Empresas, ao tratarse dun programa en extinción, o seguimento faise mediante a Comisión de Título de Grao e a Comisión de Calidade e Docencia do Centro, pero non se reflicte nun informe anual de resultados como si se facía nas titulacións anteriores.

No relativo a admisión do alumnado, no curso 2023-24 non se levaron a cabo accións de captación. Polo que respecta á orientación académica e profesional, ao igual que nos outros Graos que se imparte no centro, as accións encádranse dentro do Plan de Acción Titorial (PAT), e no aspecto máis profesional supón un apoio importante a Área de Orientación Laboral e Emprego do Campus Terra.

En relación coa mobilidade de estudantes, non houbo alumnos/as enviados con programas de mobilidade e neste curso non houbo alumnado entrante. En relación coas metodoloxías de ensino e avaliación da aprendizaxe, os programas das materias, dispoñibles na web da USC, permiten apreciar a súa adecuación ás competencias e contidos que configuran cada unha delas.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.

- Formación do profesorado e mobilidade.
- Actividade investigadora.
- Detección de necesidades de persoal académico.
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
 - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

4.1. Persoal académico.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:

A garantía e mellora dos procesos organizativos relacionados cos recursos humanos vinculados aos programas formativos (persoal académico) réxese, na Facultade de Administración e Dirección de Empresas, polo establecido no proceso de soporte PS-01. Xestión dos recursos humanos, do Manual de Procesos do SGC. Non obstante, este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometida a procesos de nivel superior, que se recollen no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente o PI-04, Xestión dos recursos humanos. Corresponde á Facultade, no marco das súas competencias, tal e como se recolle no seu SGC, avaliar a suficiencia e adecuación do persoal co que conta e as condicións en que desenvolve o seu labor.

4.1.1. Suficiencia e adecuación: mantemento, cando menos, dos criterios incluídos nas memorias de verificación.

O cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Administración e Dirección de Empresas conta cun bo nivel de suficiencia e adecuación, tendo en conta das necesidades dos programas de estudos previstos nas respectivas memorias de verificación e do número e distribución de estudantes que os cursan.

A experiencia docente indicada polo recoñecemento de complementos por méritos docentes (quinquenios) é un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos títulos.

Os cadros seguintes detallan estes indicadores de experiencia docente para os títulos obxecto desta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre as áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

Táboa 29: Experiencia docente por área - Grao en ADE

Grao en Administración e Dirección de Empresas

Área	2021-22		2022-23		2023-24	
	N.º	Experiencia Docente	N.º	Experiencia Docente	N.º	Experiencia Docente
[775] Socioloxía	2	4	1	2	1	0
[150] Dereito Financeiro e Tributario	1	6	1	6	1	0
[165] Dereito Mercantil			1	0	1	0
[225] Economía Aplicada	3	7	3	7	5	7
[480] Historia e Institucións Económicas	1	3	1	3	1	0
[223] Economía Cuantitativa (propia da USC)	5	28	4	24	4	24
[230] Economía Financeira e Contabilidade	7	23	9	27	10	21
[415] Fundamentos de Análise Económica	3	10	3	11	4	11
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	4	7	5	11	3	11
[650] Organización de Empresas	7	19	7	24	6	24
TOTAL	33	107	35	115	36	98

Táboa 30: Experiencia docente por área - Grao en EeT

Grao en Empresa e Tecnoloxía

Área	2021-22		2022-23		2023-24	
	Nº	Experiencia Docente	Nº	Experiencia Docente	Nº	Experiencia Docente
[130] Dereito Civil	1	6	2	11	6	28
[150] Dereito Financeiro e Tributario	1	6	1	6	1	0
[165] Dereito Mercantil	1	0	1	0	1	0
[225] Economía Aplicada	3	7	3	1	4	1
[223] Economía Cuantitativa (propia da USC)	5	28	3	13	5	25
[230] Economía Financeira e Contabilidade	2	4	6	17	11	21
[035] Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores	0	0	0	0	1	0
[075] Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	1	0	2	1	5	6
[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos	4	6	6	6	5	6
[345] Filoloxía Inglesa	3	6	2	6	2	6
[415] Fundamentos de Análise Económica	2	4	1	0	3	10
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	2	4	4	12	5	12
[650] Organización de Empresas	3	10	6	15	5	15
[720] Proxectos de Enxeñaría			0	0	2	3
TOTAL	28	81	37	88	56	133

Táboa 31: Experiencia docente por área - MUDE

Máster Universitario en Dirección de Empresas

Área	2021-22		2022-23		2023-24	
	Nº	Experiencia Docente	Nº	Experiencia Docente	Nº	Experiencia Docente
[230] Economía Financeira e Contabilidade	4	14	6	17	6	7
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	3	7	3	9	3	9
[650] Organización de Empresas	3	11	4	17	3	13
TOTAL	10	32	13	43	12	29

4.1.2. Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.

As táboas seguintes, mostran as características do profesorado que participa en cada un dos títulos que se imparten na Facultade, en función de categoría e titulación (E15)

Táboa 32: Datos do profesorado por categoría - Grao en ADE

Grao en Administración e Dirección de Empresas									
Categoría Profesional	2021-22			2022-23			2023-24		
	Nº	%	Horas (%)	Nº	%	Horas (%)	Nº	%	Horas (%)
Catedrático de Universidade							2	5,56%	4,88%
Titular de Universidade	8	24,24%	20,78%	8	22,86%	20,41%	7	19,44%	18,29%
Titular de Escola Universitaria	6	18,18%	20,51%	6	17,14%	18,35%	5	13,89%	18,70%
Contratado Doutor	8	24,24%	30,37%	9	25,71%	31,83%	7	19,44%	26,32%
Axudante Doutor	3	9,09%	9,07%	3	8,57%	17,99%	5	13,89%	11,33%
Asociado de Universidade LOU	3	9,09%	6,44%	4	11,43%	4,41%	3	8,33%	7,32%
Contrato Predoutoral Ministerio	1	3,03%	1,97%	1	2,86%	1,08%			
Interino de Substitución	3	9,09%	9,66%	3	8,57%	4,86%	6	16,67%	11,94%
Interino por Vacante	1	3,03%	1,18%	1	2,86%	1,08%	1	2,78%	1,22%
TOTAL	33	100,00 %	100,00%	35	100,00 %	100,00%	36	100,00 %	100,00%

Táboa 33: Datos do profesorado por categoría - Grao en EeT

Grao en Empresa e Tecnoloxía									
Categoría Profesional	2021-22			2022-23			2023-24		
	Nº	%	Horas (%)	Nº	%	Horas (%)	Nº	%	Horas (%)
Catedrático de Universidad				6	16,22%	12,45%	3	5,36%	5,37%
Titular de Universidade	6	21,43%	18,37%	5	13,51%	12,98%	13	23,21%	20,46%
Titular de Escola Universitaria	5	17,86%	15,31%	8	21,62%	14,15%	6	10,71%	9,57%
Contratado Doutor	5	17,86%	14,23%	7	18,92%	27,52%	8	14,29%	6,44%
Axudante Doutor	6	21,43%	32,18%	4	10,81%	11,76%	10	17,86%	25,86%
Asociado de Universidade LOU	2	7,14%	6,26%	1	2,70%	4,45%	5	8,93%	7,32%
Lector	1	3,57%	5,48%	6	16,22%	12,45%	1	1,79%	3,65%
Contrato Predoutoral Ministerio									
Investigador/a Distinguido/a							1	1,79%	1,10%
Interino de Substitución	3	10,71%	8,17%	1	2,70%	0,73%	7	12,50%	13,79%
Interino por Vacante				4	10,81%	13,06%	2	3,57%	6,44%
TOTAL	28	100,00 %	100,00%	37	100,00 %	100,00%	56	100,00%	100,00%

Táboa 34: Datos do profesorado por categoría - MUDE

Máster Universitario en Dirección de Empresas

Categoría Profesional	2021-22			2022-23			2023-24		
	Nº	%	Horas (%)	Nº	%	Horas (%)	Nº	%	Horas (%)
Catedrático de Universidad							2	16,67%	26,4%
Titular de Universidade	4	40,00%	43,71%	5	38,46%	47,45%	3	25,00%	26,4%
Titular de Escola Universitaria				1	7,69%	6,29%	1	8,33%	7,20%
Contratado Doutor	1	10,00%	9,70%	3	23,08%	12,59%	1	8,33%	7,20%
Axudante Doutor	2	20,00%	4,05%	2	15,38%	24,58%	3	25,00%	24,80%
Asociado de Universidade LOU				1	7,69%	2,80%	1	8,33%	3,20%
Interino de Substitución	1	10,00%	13,43%	1	7,69%	6,29%	1	8,33%	7,20%
TOTAL	10	100,00%	100,00%	13	100,00%	100,00%	12	100,00%	100,00%

A maioría do profesorado que imparte docencia nas diferentes titulacións da Facultade, ten vinculación permanente (Catedrático de Universidade, Titular de Universidade, Titular de Escola Universitaria ou Contratado Doutor). No Grao en ADE esta proporción é do 58,33%% (65,71% no curso 2022-23), no Grao en EET é de 53,57% (51,35%) e no Máster Universitario ó 58,33%% (69,23%). Do grao en Pequenas e Medianas Empresas non hai datos detallados para este curso

A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total amósase na seguinte táboa:

Táboa 35: Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) funcionario sobre o PDI total

Curso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE [L]	45,95	44,44	41,67	36,11	37,84
Grao EET		54,55	37,93	29,73	36,60
MUDE [L]	46,15	30,77	38,46	41,67	46,15
TOTAL	48,84	45,56	41,35	34,90	39,55

A porcentaxe de PDI Doutor acada o valor máis alto dos últimos anos (agás no Grao en ADE que baixa lixeiramente)

Táboa 36: Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) doutor sobre o PDI total

Curso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE [L]	54,05	61,11	61,11	63,89	62,16
Grao EET		54,55	55,17	59,46	66,67
MUDE [L]	84,62	84,62	84,62	83,33	84,62
TOTAL	59,30	63,33	61,54	63,00	67,29

Táboa 37: Comparación coa media da USC

% sobre PDI total	Graos				Máster
	Grao ADE	Grao EET	USC	MUDE	USC
PDI Doutor	62,16	66,67	83,26	84,62	91,06
PDI Funcionario	37,84	36,60	52,80	46,15	47,29

A media de estudantado matriculado por grupo de docencia expositiva distingue entre as materias de formación básica e obrigatorias (IN55) e as optativas (IN56) e foi de 33,38 estudantes para as materias de formación básica e obrigatorias e de 8,70 estudantes no caso das materias optativas.

Táboa 38: Media do estudantado matriculado por grupo de docencia expositiva

Curso	FB e Obrig.			Optativas		
	2021-22	2022-23	2023-24	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en ADE [L]	58,29	56,65	53,21	11,80	11,31	8,06
Grao en EET	31,13	26,59	25,68	-	-	11,00
Grao en PEMES	46,00	45,00	-	6,93	-	-
MUDE [L]	16,63	12,50	15,50	8,50	5,78	6,25
TOTAL	42,09	35,96	33,38	9,24	11,73	8,70

A dotación permite unha organización docente adecuada cuns datos medios de estudantado por grupo de docencia interactiva (IN32) semellantes aos do curso anterior:

Táboa 39: Media do estudantado matriculado por grupo de docencia interactiva

Curso	2021-22	2022-23	2023-24
Grao en ADE [L]	23,73	22,41	22,53
Grao en EET	18,44	17,11	17,25
Grao en PEMES	8,41	23,40	-
MUDE [L]	12,53	9,00	11,00

4.1.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos á contorna de traballo.

En canto á satisfacción, queixas e suxestións do PDI, o informe de satisfacción deste persoal coa docencia que imparte (único indicador dispoñible de satisfacción co traballo (IN47) é bo para todas as titulacións manténdose na media dos últimos anos.

Táboa 40: Satisfacción do profesorado coa docencia impartida

Curso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE [L]	4,24	4,25	4,31	4,37	4,20
Grao EET	-	4,21	4,00	4,25	4,31
MUDE [L]	4,16	4,48	4,48	4,43	4,41

4.1.4. Formación do profesorado e mobilidade.

Un dato relevante que indica a sensibilidade do profesorado do Centro coa formación e a innovación educativa é a súa participación en Grupos de Innovación Docente. O obxectivo destes grupos é o da mellora da calidade da docencia universitaria, conxugando a formación do PDI coa implantación de experiencias innovadoras nas prácticas docentes. Neste curso constan tres GID coordinados por profesorado da facultade de ADE e tamén nos consta que profesorado de Lugo está integrado en GIDs relacionados con departamentos que teñen a súa sede na facultade de Santiago.

No tocante á formación do profesorado e a mobilidade, a USC conta cun programa estable de Formación e Innovación Docente (PFID), que oferta cursos ao longo do curso académico. A participación do profesorado do Centro nese programa é continuada. Este curso obsérvanse unhas cifras similares as do curso anterior aínda que sen recuperar as cifras que se acadaron durante a implantación dos primeiros cursos do grao en Empresa e Tecnoloxía dado que o persoal docente participou en numerosos cursos formativos para poñelo en funcionamento en ambas modalidades. Na táboa seguinte preséntase os datos do cinco últimos cursos.

Táboa 41: Porcentaxe de participación do PDI das titulacións nos plans de formación (I6-I7)

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE [L]	48,65	56,76	68,42	25,64	21,62	24,39
Grao EET (presencial)	-	-	58,33	23,08	27,91	23,64
Grao EET (sempresencial)	-	-	-	20,00	15,38	16,22
Grao Xestión Pemes	45,71	57,79	67,65	21,88	10,71	40,00
MUDE [L]	58,33	76,92	71,43	61,54	8,33	18,75

A mobilidade e as estadías de investigación son outra vía que o profesorado universitario utiliza para manterse actualizado, principalmente no plano investigador. A información sobre a participación en programas de mobilidade móstrase na táboa seguinte:

Táboa 42: Porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título

Curso	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE [L]	2,70			3,03		2,78
Grao EET				3,57	2,7	5,36
Grao Xestión Pemes				7,14		
MUDE [L]	9,09					

4.1.5. Actividade investigadora.

A experiencia investigadora indicada polo recoñecemento de complementos por méritos investigadores (sexenios) é un indicador do nivel de cualificación do profesorado responsable dos títulos.

Os cadros seguintes detallan estes indicadores de experiencia investigadora para os títulos obxecto desta Memoria; a información organízase por áreas de coñecemento, o permite, ademais, visualizar a distribución do profesorado entre as áreas de coñecemento directamente vinculadas coas titulacións:

Táboa 43: Experiencia investigadora por área - Grao en ADE

Grao en Administración e Dirección de Empresas

Área	2021-22		2022-23		2023-24	
	N.º	Experiencia Investigadora	N.º	Experiencia Investigadora	N.º	Experiencia Investigadora
[775] Socioloxía	1	0	1	0	1	0
[150] Dereito Financeiro e Tributario	1	0	1	0	1	0
[165] Dereito Mercantil			1		1	0
[225] Economía Aplicada	3	2	3	3	5	3
[480] Historia e Institucións Económicas	1	3	1	3	1	0
[223] Economía Cuantitativa (propia da USC)	5	0	4	0	4	0
[230] Economía Financeira e Contabilidade	7	1	9	4	10	3
[415] Fundamentos de Análise Económica	3	3	3	3	4	3
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	4	4	5	4	3	4
[650] Organización de Empresas	7	4	7	5	6	6
TOTAL	33	17	35	22	36	19

Táboa 44: Experiencia investigadora por área - Grao en EeT

Grao en Empresa e Tecnoloxía						
Área	2021-22		2022-23		2023-24	
	Nº	Experiencia Investigadora	Nº	Experiencia Investigadora	Nº	Experiencia Investigadora
[130] Dereito Civil	1	0	2	1	6	9
[150] Dereito Financeiro e Tributario	1	0	1	0	1	0
[165] Dereito Mercantil	1	0	1	0	1	0
[225] Economía Aplicada	3	2	3	3	4	3
[223] Economía Cuantitativa (propia da USC)	5	0	3	0	5	0
[230] Economía Financeira e Contabilidade	2	0	6	4	11	4
[035] Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores			0	0	1	0
[075] Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	1	0	2	2	5	7
[570] Linguaxes e Sistemas Informáticos	4	2	6	2	5	0
[345] Filoloxía Inglesa	3	0	2	0	2	0
[415] Fundamentos de Análise Económica	2	3	1	0	3	3
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	2	3	4	5	5	5
[650] Organización de Empresas	3	1	6	2	5	3
[720] Proxectos de Enxeñaría			0		2	2
TOTAL	28	11	37	19	56	36

Táboa 45: Experiencia investigadora por área - MUDE

Máster Universitario en Dirección de Empresas						
Área	2022-23		2022-23		2023-24	
	Nº	Experiencia Investigadora	Nº	Experiencia Investigadora	Nº	Experiencia Investigadora
[230] Economía Financeira e Contabilidade	4	1	6	4	6	4
[095] Comercialización e Investigación de Mercados	3	4	3	4	3	4
[650] Organización de Empresas	3	3	4	5	3	4
TOTAL	10	8	13	13	12	12

A porcentaxe de PDI con sexenios (IN24) mantén a liña crecente dos últimos anos e no caso do MUDE xa está por encima da media da área (85,28%) e achégase á media da USC:

Táboa 46: Porcentaxe de Persoal Docente e Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total

Curso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Grao ADE	30,77	36,00	39,13	45,45	47,62
Grao EET			31,25	45,00	56,67
Grao Xestión Pemes	26,92	38,10	38,89	40,00	
MUDE	55,56	75,00	75,00	77,78	87,50
TOTAL	32,79	42,59	41,54	49,18	57,63

4.1.6. Detección de necesidades de persoal académico.

Esta área non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometida a procesos de nivel superior, recollidos no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente no PI-04, Xestión dos recursos humanos. Son os departamentos os responsables da organización da docencia a través do Plan de Ordenación Docente, que aproban anualmente en base á Planificación Docente Anual (PDA) aprobada pola facultade. En función da capacidade docente, os departamentos solicitan ao Vicerreitorado con competencias na materia a creación de novas prazas. A Facultade, se ten constancia de necesidades de persoal académico traslada aos departamentos ditas necesidades.

4.2. Persoal de apoio.

Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio

No relativo á dotación de Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servizos (PTXAS), a Facultade de Administración de Empresas conta cun persoal bastante estable, suficiente e que cumpre cos requisitos necesarios para levar a cabo a xestión adecuada centro, contando coa cualificación axeitada para o bo desenvolvemento das súas funcións

4.2.1. Suficiencia e adecuación: *mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.*

O persoal co que conta a Facultade nestes momentos é o seguinte e está de acordo aos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación dos títulos:

Táboa 47: Persoal de apoio (PTXAS) Facultade de Administración e Dirección de Empresas

Nº	Área	Escala/Categoría	Denominación posto
1	Punto de atención, información e servizos	Técnico servizos xerais	Responsable do Punto de atención, información e servizos
2	Punto de atención, información e servizos	Técnico servizos xerais	Responsable do Punto de atención, información e servizos
3	Punto de atención, información e servizos	Técnico servizos xerais	Técnico servizos xerais / Auxiliar técnico de servizos
4	Punto de atención, información e servizos	Técnico servizos xerais	Técnico servizos xerais / Auxiliar técnico de servizos
5	Secretaría Decanato	Administrativa-Administración	Secretaría Decanato
6	Unidade xestión centro	Administrativa-Administración	Responsable unidade
7	Unidade AA EE	Administrativa-Administración	Responsable AA EE

A Facultade conta tamén cun Técnico Especialista en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións adscrito á Área de Tecnoloxías da Información e Comunicacións que comparte dedicación coa Facultade de Ciencias. A súa principal función é dar soporte técnico á docencia práctica que se imparte nas aulas de informática e tamén á docencia virtual.

4.2.2. Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.

En canto a formación do Persoal de apoio, conta, como o PDI, cun programa de formación estable, es os datos indican unha notable participación do persoal do centro nas actividades formativas. A porcentaxe de Persoal de apoio que realizou algún curso de formación móstrase na seguinte táboa

Táboa 48: Porcentaxe de participación do PTXAS do centro nos plans de formación

Curso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Porcentaxe do PTXAS que realizou algún curso	83,33%	50,00%	100,00%	100,00%	57,14%

Os datos amosan unha caída nos cursos de formación, pero hai que ter en conta que os cursos pasados a porcentaxe fora do 100%.

4.2.3. Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

O nivel de satisfacción do PTXAS co traballo desenvolvido no curso 2023-24 obtén un valor moi elevado de 4,83 sobre 5 e mantén a tendencia crecente que se amosa dende o curso 2021-22

Táboa 49: Satisfacción do PTXAS co traballo

Curso	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24
Satisfacción	4,60	4,60	4,50	4,67	4,83

4.2.4. Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

Este ámbito non é competencia directa nin principal da Facultade, e está sometido a procesos de nivel superior, recollidos no Manual de procesos institucionais da USC, particularmente no PI-04, Xestión dos recursos humanos. A xestión das prazas de PTXAS da USC corresponde á Xerencia. As carencias detectadas na facultade son comunicadas a dito órgano para que sexan cubertas a través da dotación dos recursos humanos nas diferentes convocatorias de emprego público.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistenciais e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
